

I. Disposicións xerais

MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA

3646 *REAL DECRETO 261/2008, do 22 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de defensa da competencia.* («BOE» 50, do 27-2-2008.)

Artigo único. Aprobación do Regulamento de defensa da competencia.

Disposición derogatoria única. Derrogación normativa.
Disposición derradeira primeira. Habilitación para o desenvolvemento regulamentario.

Disposición derradeira segunda. Entrada en vigor.

Título I. Da defensa da competencia

Capítulo I. Das condutas de menor importancia

Artigo 1. Condutas de menor importancia atendendo á cota de mercado.

Artigo 2. Condutas excluídas do concepto de menor importancia.

Artigo 3. Outras condutas de menor importancia.

Capítulo II. Das concentracións económicas

Artigo 4. Cálculo da cota de mercado.

Artigo 5. Cálculo do volume de negocios.

Artigo 6. Valoración das eficiencias económicas.

Capítulo III. Das axudas públicas

Artigo 7. Informes e propostas.

Artigo 8. Mecanismos de comunicación das axudas públicas.

Capítulo IV. Da promoción da competencia

Artigo 9. Exercicio da función de promoción da competencia.

Artigo 10. Deber de colaboración e información en relación coa promoción da competencia.

Título II. Dos procedementos en materia de defensa da competencia

Capítulo I. Disposicións comúns

Artigo 11. Práctica das notificacións.

Artigo 12. Cómputo dos prazos máximos dos procedementos en casos de suspensión.

Artigo 13. Facultades de inspección.

Artigo 14. Colaboración cos órganos competentes das comunidades autónomas en materia de poderes de investigación.

Artigo 15. Colaboración coa Comisión Europea e con outras autoridades nacionais de competencia en materia de poderes de investigación.

Artigo 16. Coordinación cos presidentes dos órganos reguladores sectoriais.

Artigo 17. Deber de colaboración.

Artigo 18. Información administrativa e atención ao cidadán.

Artigo 19. Vista ante o Consello da Comisión Nacional da Competencia.

Artigo 20. Tratamento de información confidencial.

Artigo 21. Imposición de multas coercitivas.

Artigo 22. Pagamento das multas, multas coercitivas e taxas.

Artigo 23. Publicidade.

Artigo 24. Recurso contra as resolucións e actos ditados pola Dirección de Investigación.

Capítulo II. Do procedemento sancionador en materia de condutas prohibidas

Sección 1.^a Da instrución do procedemento sancionador

Artigo 25. Iniciación do procedemento.

Artigo 26. Información reservada.

Artigo 27. Acordo de non-incoación e arquivo da denuncia.

Artigo 28. Incoación do expediente.

Artigo 29. Acumulación, desagregación e ampliación de expedientes.

Artigo 30. Incorporación de información a un expediente.

Artigo 31. Acceso ao expediente.

Artigo 32. Actos de investigación, alegacións e proba.

Artigo 33. Prego de concreción de feitos.

Artigo 34. Proposta de resolución e informe.

Artigo 35. Preclusión.

Sección 2.^a Da resolución do procedemento sancionador

Artigo 36. Probas e actuacións complementarias.

Artigo 37. Outras actuacións do Consello da Comisión Nacional da Competencia.

Artigo 38. Contido da resolución.

Artigo 39. Terminación convencional dos procedementos sancionadores.

Sección 3.^a Das medidas cautelares

Artigo 40. Clases de medidas cautelares.

Artigo 41. Adopción e réxime xurídico das medidas cautelares.

Sección 4.^a Da vixilancia

Artigo 42. Vixilancia do cumprimento das obrigas e resolucións do Consello da Comisión Nacional da Competencia.

Sección 5.^a Do procedemento de declaración de inaplicabilidade

Artigo 43. Declaracións de inaplicabilidade.

Sección 6.^a Da retirada da exención por categorías

Artigo 44. Inicio do procedemento de retirada da exención por categorías.

Artigo 45. Procedemento de retirada da exención por categorías.

Sección 7.^a Dos procedementos de exención e de redución do importe da multa

Artigo 46. Presentación das solicitudes de exención do pagamento da multa.

Artigo 47. Tramitación das solicitudes de exención do pagamento da multa.

Artigo 48. Solicitudes abreviadas de exención.

Artigo 49. Solicitudes de redución do importe da multa.

Artigo 50. Presentación e tramitación das solicitudes de redución do importe da multa.

Artigo 51. Tratamento das solicitudes de exención ou de redución do importe da multa.

Artigo 52. Deber de cooperación dos solicitantes de exención ou de redución do importe da multa.

Artigo 53. Mecanismos de coordinación cos órganos competentes das comunidades autónomas nos procedementos de exención do importe da multa.

Capítulo III. Do procedemento de control de concentracións económicas

Sección 1.^a Da notificación

Artigo 54. Notificación de concentración económica.

Artigo 55. Notificación a través de representante.

Artigo 56. Forma e contido da notificación.

Artigo 57. Formulario abreviado de notificación.

Artigo 58. Levantamento da suspensión da execución.

Artigo 59. Consulta previa á notificación.

Artigo 60. Taxa por análise e estudo das operacións de concentración.

Sección 2.^a Do procedemento

Artigo 61. Confidencialidade do expediente.

Artigo 62. Procedemento na primeira fase.

Artigo 63. Informe dos reguladores sectoriais.

Artigo 64. Aplicación do Regulamento (CE) n.º 139/2004 do Consello, do 20 de xaneiro de 2004, sobre o control das concentracións entre empresas.

Artigo 65. Instrución do procedemento na segunda fase.

Artigo 66. Solicitud de condición de interesado.

Artigo 67. Vista do expediente e alegacións.

Artigo 68. Vista oral.

Artigo 69. Presentación de compromisos en primeira e en segunda fase.

Artigo 70. Intervención do Consello de Ministros.

Artigo 71. Vixilancia das obrigas, resolucións e acordos.

Capítulo IV. Do procedemento arbitral

Artigo 72. Función arbitral, principios e normas xerais.

Artigo 73. Submisión á arbitrase.

Artigo 74. Tramitación das actuacións arbitrais.

Artigo 75. Prazo máximo do procedemento.

Artigo 76. Laudo arbitral.

Artigo 77. Terminación convencional da arbitrase.

Artigo 78. Gastos.

Capítulo V. Do procedemento de aprobación de comunicacións

Artigo 79. Comunicacións da Comisión Nacional da Competencia.

Disposición adicional única. Referencias á Comisión Nacional da Competencia e aos seus órganos de dirección

Disposición transitoria primeira. Tramitación dos procedementos incoados tras a entrada en vigor da Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia.

Disposición transitoria segunda. Vixilancia de acordos do Consello de Ministros adoptados conforme a Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia.

Disposición transitoria terceira. Autorizacións singulares concedidas conforme a Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia.

Anexo I. Contido da denuncia.

Anexo II. Formulario ordinario de notificación das concentracións económicas.

Anexo III. Formulario abreviado de notificación das concentracións económicas.

A Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia, no marco do artigo 38 da Constitución e inspirada nas normas comunitarias de política de competencia, ten por obxecto garantir a existencia dunha competencia suficiente e protexela fronte a todo ataque contrario ao interese público.

Neste novo marco xeral, en que a Lei 15/2007, do 3 de xullo, estableceu unha reforma substancial do sistema español de defensa da competencia con obxecto de reforzar os mecanismos xa existentes na Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia, á cal substitúe, e dotalo dos instrumentos e da estrutura institucional óptima para protexer a competencia efectiva nos mercados, tendo en conta o novo sistema normativo comunitario e as competencias das comunidades autónomas para a aplicación das disposicións relativas a condutas restritivas da competencia, así como a dos órganos xurisdiccionais nos procesos de aplicación das normas de competencia, faise necesario o desenvolvemento regulamentario da nova norma.

A Lei 15/2007, do 3 de xullo, na disposición derradeira segunda, habilitou o Goberno para que no prazo de seis meses ditase as disposicións regulamentarias que a desenvolven en canto aos procedementos, o tratamento das condutas de menor importancia e o sistema de clemencia ou exención e redución de multa a aquelas empresas que colaborasen na loita contra os carteis.

Entre tanto, no que non se opoña ao previsto na citada lei, mantivo vixente na disposición derogatoria única os textos regulamentarios que desenvolvían e complementaban a Lei de 1989, en particular, o Real decreto 1443/2001, do 21 de decembro, polo que se desenvolve a Lei 16/1989, do 17 de xullo, no referente ao control de concentracións económicas, e os artigos 2 e 3 do capítulo I, os artigos 14 e 15, puntos 1 a 4, do capítulo II e o capítulo III do Real decreto 378/2003, do 28 de marzo, polo que se desenvolve a Lei 16/1989, do 17 de xullo, en materia de exencións por categorías, autorización singular e rexistro de defensa da competencia.

O Goberno, continuando coa reforma do sistema nacional de protección e promoción da competencia, elaborou o presente regulamento, que aborda cuestións fundamentais de desenvolvemento da Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia, e cuxa aprobación queda recollida no artigo único deste real decreto.

O regulamento estrutúrase en dous títulos; o primeiro deles, Da defensa da competencia, desenvolve cuestións substantivas da defensa da competencia reguladas na Lei

15/2007, do 3 de xullo, especificamente aspectos relacionados coas condutas de menor importancia, as concentracións económicas, as axudas públicas e a promoción da competencia; e o segundo, Dos procedementos en materia de defensa da competencia, desenvolve distintos procedementos regulados na citada Lei 15/2007, do 3 de xullo.

Polo que respecta ao título primeiro, no capítulo primeiro desenvólvese o disposto no artigo 5 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, relativo ás condutas de menor importancia, determinando os criterios para a delimitación de tales condutas. Non obstante, tendo en conta a práctica e a experiencia que se vaia adquirindo ao respecto, así como as comunicacións da Comisión Europea nesta materia, a Comisión Nacional da Competencia poderá elaborar unha comunicación para aclarar estes criterios.

O capítulo segundo, relativo ás concentracións económicas, desenvolve o previsto na Lei 15/2007, do 3 de xullo, respecto dos limiares de notificación, en relación co cálculo da cota de mercado e do volume de negocios e a valoración das eficiencias económicas derivadas da operación de concentración.

O capítulo terceiro, das axudas públicas, desenvolve o disposto no artigo 11 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, en especial, os mecanismos de información e comunicación das axudas públicas, tendo en conta a normativa comunitaria ao respecto. Para iso prevíuse no regulamento a creación dun centro informativo telemático das axudas públicas nacionais que fosen publicados en diarios oficiais.

O capítulo cuarto céntrase na función que desenvolverá a Comisión Nacional da Competencia de promoción da competencia, de acordo co previsto no artigo 26 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, mediante a elaboración de informes, estudos, traballos de investigación e propostas, coa necesaria colaboración dos diferentes sectores económicos e organismos públicos e privados. Para o exercicio desta función de promoción da competencia, o regulamento establece o deber de colaboración coa Comisión Nacional da Competencia.

No título segundo, Dos procedementos en materia de defensa da competencia, desenvólvense os distintos procedementos regulados na Lei 15/2007, do 3 de xullo; o capítulo primeiro contén as disposicións comúns a todos eles. Xunto co cómputo dos prazos e os requisitos das notificacións, desenvólvese amplamente o contido das facultades de inspección, así como a colaboración, en materia de poderes de investigación, cos órganos competentes, por unha parte das comunidades autónomas, e por outra coa Comisión Europea e outras autoridades nacionais de competencia doutros Estados membros.

O capítulo segundo desenvolve cuestións relativas ao procedemento sancionador en materia de condutas prohibidas, desenvolvendo neste ámbito os instrumentos incorporados na Lei 15/2007, do 3 de xullo, neste procedemento, con fundamento no necesario equilibrio entre os principios de seguranza xurídica e eficacia administrativa.

Precisamente para garantir unha maior eficiencia na asignación dos recursos públicos, sen que iso supoña unha mingua da seguranza xurídica dos operadores económicos, e unha aplicación coherente das normas de competencia, prevíuse que as autoridades administrativas de competencia poidan non iniciar un procedemento sancionador cando os feitos denunciados non presenten un interese público suficiente. Esta non-iniciación do procedemento pola Comisión Nacional da Competencia non obsta para que o denunciante poida exercer unha acción ante os xulgados do Mercantil en aplicación da Lei 15/2007, do 3 de xullo, atendendo á natureza deste procedemento xudicial, máis adecuado para a solución dos problemas presentados na denuncia.

De acordo co previsto na Lei 15/2007, do 3 de xullo, e as funcións que en aplicación desta lei se atribuíron ao xuíz do Mercantil, que non só coñecen dos procedemen-

tos de aplicación dos artigos 81 e 82 do Tratado constitutivo da Comunidade Europea e o seu dereito derivado, senón tamén dos procedementos de aplicación dos artigos 1 e 2 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, pode que sexa esta a instancia máis adecuada para coñecer unha determinada denuncia, para garantir unha adecuada imbricación dos distintos planos institucionais que interactúan neste ámbito e a necesaria coherencia do novo sistema de defensa da competencia.

Tendo en conta a práctica e a experiencia que se vaia adquirindo ao respecto, a Comisión Nacional da Competencia poderá elaborar unha comunicación para aclarar os principios que guíen a súa actuación en relación cos motivos polos que non procede a iniciación do procedemento.

Neste capítulo hai unha sección específica que desenvolve o programa de clemencia, regulándose os procedementos de exención e de redución do importe da multa, previstos nos artigos 65 e 66 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, cuxa entrada en vigor quedou demorada ao momento da entrada en vigor do presente regulamento.

O capítulo terceiro desenvolve o procedemento de control de concentracións económicas, e xúntanse nos anexos ao regulamento os formularios ordinario e abreviado de notificación das operacións de concentración.

No capítulo cuarto, Do procedemento arbitral, desenvólvese a función de arbitraje en aplicación do artigo 24.f) da Lei 15/2007, así como este procedemento arbitral. A función de arbitraje poderase propor ante a Comisión Nacional da Competencia para resolver controversias relativas á aplicación da normativa de defensa da competencia en España. No regulamento contéñense algunhas especificidades sobre o procedemento, aplicándose supletoriamente as regras da Lei 60/2003, do 23 de decembro, de arbitraje, indicándose que a submisión arbitral á Comisión Nacional da Competencia poderá ser por convenio arbitral ou por declaración individual dunha empresa, neste último caso cando se trate de facer efectivos compromisos ou condicións establecidos en resolucións da Comisión Nacional da Competencia e sempre que se deposite outra declaración individual de submisión por parte doutra empresa afectada pola controversia.

O capítulo quinto desenvolve o procedemento de aprobación de comunicacións pola Comisión Nacional da Competencia, sendo necesario o ditame do Consello de Defensa da Competencia cando estas afecten a aplicación dos artigos 1 a 3 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, e establecéndose tamén a iniciativa deste para lle solicitar ao presidente da Comisión Nacional da Competencia a elaboración de tales comunicacións.

Finaliza o regulamento cunha disposición adicional única, en virtude da cal todas aquelas referencias á Comisión Nacional da Competencia e aos seus órganos directivos se entenden realizadas aos órganos de instrución e resolución correspondentes das comunidades autónomas, e con dúas disposicións transitorias. A primeira delas prevé a aplicación do regulamento a todos os procedementos incoados, no caso dos sancionadores, e iniciados, nos procedementos de control de concentración, con posterioridade á entrada en vigor da Lei 15/2007. A disposición transitoria segunda está referida á vixilancia dos acordos de Consello de Ministros adoptados conforme a Lei 16/1989, do 17 de xullo.

O regulamento conta co informe favorable da Axencia Española de Protección de Datos, de conformidade co disposto nos artigos 37.h) da Lei orgánica, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e 5.b) do estatuto da Axencia, aprobado polo Real decreto 428/1993, do 26 de marzo.

Igualmente, este regulamento conta co informe favorable do Consello de Defensa da Competencia celebrado o día 19 de xullo de 2007, de acordo co disposto no artigo 5 da Lei 1/2002, do 21 de febreiro, de coordinación das

competencias do Estado e as comunidades autónomas en materia de defensa da competencia, así como da Comisión Nacional da Competencia, de conformidade co disposto no artigo 25.a) da Lei 15/2007, do 3 de xullo.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Economía e Facenda, coa aprobación previa da ministra de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 22 de febreiro de 2008,

DISPÓÑO:

Artigo único. *Aprobación do Regulamento de defensa da competencia.*

De conformidade co disposto na disposición derradeira segunda da Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia, apróbase o Regulamento de defensa da competencia, que ten por obxecto o desenvolvemento da Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia e cuxo texto se inclúe a continuación.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste real decreto, e en particular:

a) O Real decreto 1443/2001, do 21 de decembro, polo que se desenvolve a Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia, no referente ao control de concentracións económicas.

b) Os artigos 2 e 3 do capítulo I, os artigos 14 e 15, puntos 1 a 4, do capítulo II e o capítulo III do Real decreto 378/2003, do 28 de marzo, polo que se desenvolve a Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia, en materia de exencións por categorías, autorización singular e rexistro de defensa da competencia, cuxa vixencia se mantivera até a aprobación deste texto regulamentario, de acordo coa disposición derogatoria da Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación para o desenvolvemento regulamentario.*

Habilitase o ministro de Economía e Facenda para ditar, logo do informe da Comisión Nacional da Competencia, as disposicións necesarias para o desenvolvemento deste real decreto. En particular, habilítase o ministro de Economía e Facenda para a modificación ou desenvolvemento dos anexos incluídos neste real decreto, logo de informe da Comisión Nacional da Competencia.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 22 de febreiro de 2008.

JUAN CARLOS R.

O vicepresidente segundo do Goberno
e ministro de Economía e Facenda,
PEDRO SOLBES MIRA

REGULAMENTO DE DEFENSA DA COMPETENCIA

TÍTULO I

Da defensa da competencia

CAPÍTULO I

Das condutas de menor importancia

Artigo 1. *Condutas de menor importancia atendendo á cota de mercado.*

Para efectos do establecido no artigo 5 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia, entenderanse de menor importancia, sen que sexa necesaria unha previa declaración para tal efecto:

a) As condutas entre empresas competidoras, reais ou potenciais, cando a súa cota de mercado conxunta non exceda o 10 por cento en ningún dos mercados relevantes afectados.

b) As condutas entre empresas que non sexan competidoras, nin reais nin potenciais, cando a cota de mercado de cada unha non exceda o 15 por cento en ningún dos mercados relevantes afectados.

c) Nos casos en que non resulte posible determinar se se trata dunha conduta entre competidores ou entre non competidores, aplicarase a porcentaxe do 10 por cento de cada un dos mercados relevantes afectados.

d) Cando, nun mercado de referencia, a competencia se vexa restrinxida polos efectos acumulativos de acordos paralelos para a venda de bens ou servizos concluídos por provedores ou distribuidores diferentes, as porcentaxes de cota de mercado fixadas nos puntos anteriores quedarán reducidas ao 5 por cento. Non se apreciará a existencia dun efecto acumulativo se menos do 30 por cento do mercado de referencia está cuberto por redes paralelas de acordos.

Artigo 2. *Condutas excluídas do concepto de menor importancia.*

1. Con independencia do establecido no artigo anterior, non se entenderán de menor importancia as condutas entre competidores que teñan por obxecto, directa ou indirectamente, de forma illada ou en combinación con outros factores controlados polas empresas partícipes:

a) A fixación dos prezos de venda dos produtos a terceiros;

b) A limitación da produción ou as vendas;

c) A repartición de mercados ou clientes, incluídas as poxas fraudulentas, ou a restrición das importacións ou as exportacións.

2. Con independencia do establecido no artigo anterior, non se entenderán de menor importancia as condutas entre non competidores que teñan por obxecto, directa ou indirectamente, de forma illada ou en combinación con outros factores controlados polas empresas partícipes:

a) O establecemento dun prezo de revenda fixo ou mínimo a que teña que se axustar o comprador;

b) A restrición das vendas activas ou pasivas a usuarios finais por parte dos membros dunha rede de distribución selectiva, sen prexuízo da posibilidade de que o provedor restrinja a capacidade de tales membros para operar fóra do establecemento autorizado;

c) A restrición das subministracións recíprocas entre distribuidores pertencentes a un mesmo sistema de dis-

tribución selectiva, incluso entre distribuidores que operen en distintos niveis comerciais;

d) A restrición acordada entre un provedor de compoñentes e un comprador que os incorpora a outros produtos que limite a capacidade do provedor de vender eses compoñentes como pezas soltas a usuarios finais, a talleres de reparación independentes ou a provedores doutros servizos aos que o comprador non lles encomendase a reparación ou o mantemento dos seus produtos;

e) O establecemento de calquera cláusula de non-competencia cuxa duración sexa indefinida ou exceda os cinco anos;

f) A restrición do territorio en que o comprador poida vender os bens ou servizos contractuais, ou dos clientes aos que llelos poida vender, excepto:

1.º A restrición das vendas activas no territorio ou ao grupo de clientes reservados en exclusiva ao provedor ou asignados en exclusiva polo provedor a outro comprador, cando tal prohibición non limite as vendas dos clientes do comprador;

2.º A restrición das vendas a usuarios finais por un comprador que opere no comercio por xunto;

3.º A restrición das vendas a distribuidores non autorizados polos membros dun sistema de distribución selectiva; e

4.º A restrición da capacidade do comprador de vender compoñentes a clientes que os usarían para fabricar o mesmo tipo de bens que os que produce o provedor.

3. Con independencia do establecido no artigo anterior, non se entenderán de menor importancia os acordos, decisións ou recomendacións colectivas ou prácticas concertadas ou conscientemente paralelas entre competidores que, para efectos do acordo, operen en niveis distintos da cadea de produción ou distribución, cando estes acordos conteñan calquera das restricións recollidas nos puntos 1 e 2 deste artigo.

4. Con independencia do establecido no artigo anterior, non se entenderán de menor importancia:

a) As condutas desenvolvidas por empresas titulares ou beneficiarias de dereitos exclusivos;

b) As condutas desenvolvidas por empresas presentes en mercados relevantes nos que máis do 50 por cento estea cuberto por redes paralelas de acordos verticais cuxas consecuencias sexan similares.

5. Para efectos do establecido neste artigo:

a) Entenderase por vendas activas a aproximación activa a clientes individuais dentro do territorio exclusivo ou do grupo de clientes exclusivo doutro distribuidor mediante, entre outros, correo directo ou visitas; publicidade en medios de comunicación, outras actividades destinadas especificamente a aqueles clientes, e o establecemento dun almacén ou un centro de distribución no territorio exclusivo doutro distribuidor.

b) Entenderase por vendas pasivas a resposta a pedidos non suscitados activamente procedentes de clientes individuais ou grupos de clientes específicos, incluída a entrega de bens e servizos aos citados clientes.

c) Entenderase por cláusula de non-competencia calquera obriga directa ou indirecta que lle prohiba ao comprador fabricar, adquirir, vender ou revender bens ou servizos que compitan cos bens ou servizos contractuais, ou calquera obriga, directa ou indirecta, que exixa ao comprador adquirir ao provedor ou a outra empresa designada por este máis do 80 por cento do total das súas compras dos bens ou servizos contractuais e dos seus substitutos no mercado de referencia, calculadas sobre a base do valor das súas compras no ano precedente.

Artigo 3. *Outras condutas de menor importancia.*

1. Sen prexuízo do disposto nos artigos anteriores e para efectos do establecido nos artigos 5 e 53.1.b) da Lei 15/2007, do 3 de xullo, o Consello da Comisión Nacional da Competencia poderá declarar non aplicables os artigos 1 a 3 da citada lei ás condutas que, atendendo ao seu contexto xurídico e económico, non sexan aptas para afectar de maneira significativa a competencia.

2. O Consello da Comisión Nacional da Competencia, oído o Consello de Defensa da Competencia, poderá adoptar comunicacións para desenvolver os criterios de delimitación das condutas de menor importancia do artigo 5 da Lei 15/2007, do 3 de xullo.

CAPÍTULO II

Das concentracións económicas

Artigo 4. *Cálculo da cota de mercado.*

1. Para os efectos do previsto nos artigos 8.1.a) e 56.1 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, entenderase, en todo caso, que a cota de mercado resultante dunha operación de concentración nun mercado relevante será a suma das cotas de mercado neste das empresas partícipes na operación.

2. Para os efectos do previsto nos artigos 8.1.a) e 56.1 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, entenderase, en todo caso, que:

a) Existe adquisición de cota cando, aínda existindo control previo por parte da adquirente, se produce como consecuencia da concentración económica un cambio nas características do control, sexa este conxunto ou exclusivo.

b) Así mesmo, existe adquisición de cota cando se produce a creación dunha empresa en participación e as matrices acheguen todo ou parte do seu negocio á entidade de nova creación.

Artigo 5. *Cálculo do volume de negocios.*

1. Para os efectos previstos no artigo 8.1.b) da Lei 15/2007, do 3 de xullo, o volume de negocios global en España comprenderá a cifra resultante da venda de produtos e da prestación de servizos que correspondan ás actividades ordinarias das empresas partícipes na operación de concentración no último exercicio contable, logo de dedución do importe das bonificacións e das demais reducións sobre as vendas, do imposto sobre o valor engadido e dos demais impostos directamente relacionados co volume de negocios.

Sen prexuízo do anterior, calquera adquisición ou cesión de control da totalidade ou parte de empresas posterior á data de peche das contas auditadas das empresas partícipes quedará reflectida no volume de negocios utilizado para efectos da notificación da operación de concentración.

O volume de negocios realizado en España incluírá os produtos vendidos e os servizos prestados a empresas ou consumidores en España.

2. Para o cálculo do volume de negocios dunha empresa partícipe sumaranse os volumes de negocios das empresas seguintes:

- A empresa partícipe,
- As empresas controladas pola empresa partícipe en exclusiva ou conxuntamente, e
- As empresas que controlen exclusiva ou conxuntamente a empresa partícipe.

3. O volume de negocios total dunha empresa partícipe non terá en conta as transaccións que tivesen lugar entre empresas dun mesmo grupo.

4. Para os efectos de evitar a dobre contabilización, cando a adquirida xa estivese controlada por unha ou varias das adquirentes imputáraselle unicamente á adquirida a integridade do seu volume de negocios.

5. Cando a operación de concentración consista na adquisición dunha rama de actividade, unidade de negocio, establecemento ou, en xeral, dunha parte dunha ou máis empresas e con independencia de que esa parte teña personalidade xurídica propia, só se terá en conta, no que corresponde á adquirida, o volume de negocios relativo á parte obxecto da adquisición.

6. Cando dúas ou máis concentracións no sentido do parágrafo anterior teñan lugar nun período de dous anos entre os mesmos compradores e vendedores, estas consideraranse como unha soa concentración realizada na data da última operación.

7. Sen prexuízo do anterior, observaranse as seguintes regras específicas:

a) No caso de que algunha das partícipes da operación de concentración sexa un fondo de investimento, o seu volume de negocios virá determinado pola suma do volume de negocios das súas empresas xestoras e polo volume de negocios das empresas controladas polos fondos de investimento xestionados por tales xestoras.

b) No caso de entidades de crédito e outras entidades financeiras, o volume de negocios será substituído pola suma das seguintes partidas de ingresos percibidos pola entidade en España segundo se definen na Directiva 86/635/CEE, do Consello, do 8 de decembro, relativa ás contas anuais e contas consolidadas dos bancos e outras entidades financeiras, logo de dedución, de ser o caso, do imposto sobre o valor engadido e doutros impostos directamente relacionados con eses ingresos:

1.º Xuros e produtos asimilados.

2.º Rendementos de títulos, xa sexan accións, participacións e outros títulos de renda variable, incluídas as participacións en empresas do grupo.

3.º Comisións cobradas.

4.º Beneficios netos procedentes de operacións financeiras.

5.º Outros resultados de explotación.

O volume de negocios das entidades de crédito e outras entidades financeiras obtido en España corresponderase co das sucursais ou divisións da entidade radicada en España.

c) No caso de entidades aseguradoras, o volume de negocios será substituído polo valor das primas brutas emitidas que comprendan todos os importes cobrados e pendentes de cobramento en concepto de contratos de seguro establecidos polas citadas compañías ou por conta delas, incluíndo as primas cedidas ás reaseguradoras e tras a dedución dos impostos e gravames aplicados sobre a base do importe das distintas primas ou do volume total destas, tomando en conta as primas brutas aboadas por residentes en España.

O método de cálculo refírese ás actividades propias do negocio asegurador ou crediticio respectivamente, sen prexuízo de que se inclúan no volume de negocios total o correspondente ás sociedades controladas polas partícipes que exercen outras actividades, que será calculado segundo as normas xerais.

Artigo 6. *Valoración das eficiencias económicas.*

Para que a Comisión Nacional da Competencia teña en conta as eficiencias económicas previstas no artigo 10.1 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, invocadas polas partes

nunha operación de concentración, o notificante deberá describir a súa natureza e efectos, cuantificándoos cando sexa posible así como o prazo en que prevé que se desenvolvan, acreditando todos estes aspectos cos medios ao seu alcance.

CAPÍTULO III

Das axudas públicas

Artigo 7. *Informes e propostas.*

1. De acordo co disposto nos puntos 1 e 4 do artigo 11 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, e tendo en conta o previsto no artigo 39 da citada lei, logo de requirimento da Comisión Nacional da Competencia, as administracións públicas deberanlle facilitar a esta, no prazo establecido, toda a información que a Comisión Nacional da Competencia considere necesaria para os efectos da realización dos informes e propostas previstos nos puntos 1, 2 e 4 do citado artigo 11, da Lei 15/2007, do 3 de xullo.

2. Cando a Comisión Nacional da Competencia actúe por instancia doutra Administración pública, de acordo co disposto no artigo 11.1 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, esta deberá identificar os órganos concedentes das axudas públicas e os réximes de axudas ou axudas individuais sobre os que se propón o pronunciamento da Comisión Nacional da Competencia, así como toda aquela documentación que puidese ser relevante para analizar os efectos destas axudas sobre o mantemento da competencia efectiva nos mercados.

3. De acordo co disposto no artigo 11.1 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, a análise dos criterios de concesión das axudas públicas en relación cos seus posibles efectos sobre o mantemento da competencia efectiva nos mercados versará sobre os aspectos tanto xurídicos como económicos do instrumento utilizado, sen prexuízo do establecido nos artigos 87 a 89 do Tratado da Comunidade Europea e a súa normativa de desenvolvemento, e das competencias da Comisión Europea e dos órganos xurisdicionais comunitarios e nacionais en materia de control de axudas públicas. Entre outros, poderanse analizar os seguintes aspectos:

a) O plan estratéxico, de ser o caso, en que o proxecto de réxime de axudas se integra, en canto instrumento de planificación de políticas públicas que fixa obxectivos e identifica os fallos de mercado;

b) As bases reguladoras se se trata dunha liña de axuda ou o seu fundamento xurídico se se trata dunha axuda individual;

c) A proba de valoración da axuda, que analizará os aspectos positivos e negativos da súa concesión, entre eles a adecuación do instrumento utilizado, o seu efecto incentivador ou a necesidade e proporcionalidade dela.

4. O informe anual sobre as axudas públicas da Comisión Nacional da Competencia incluírá entre os seus anexos os informes que, de ser o caso, elaborasen os órganos de defensa da competencia das comunidades autónomas sobre as axudas públicas concedidas polas administracións autonómicas ou locais no seu respectivo ámbito territorial.

Artigo 8. *Mecanismos de comunicación das axudas públicas.*

1. De acordo co artigo 11.3 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, o órgano responsable da notificación das axudas á Comisión Europea deberá incluír na información remitida á Comisión Nacional da Competencia todos aqueles datos que permitan realizar un seguimento efectivo delas,

incluídas as eventuais decisións ou observacións emanadas da Comisión Europea.

2. A Comisión Nacional da Competencia establecerá un sistema de acceso aos órganos de defensa da competencia das comunidades autónomas respecto da información obtida de acordo co disposto no artigo 11.3 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, garantindo a confidencialidade da información en cada caso.

3. De acordo cos principios de publicidade e transparencia recollidos no artigo 27 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, a Comisión Nacional da Competencia creará un centro informativo telemático das axudas públicas nacionais que fosen publicadas en diarios oficiais.

CAPÍTULO IV

Da promoción da competencia

Artigo 9. *Exercicio da función de promoción da competencia.*

1. De acordo co previsto no artigo 26.1 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, a Comisión Nacional da Competencia promoverá a existencia dunha competencia efectiva nos mercados, en beneficio de todos os partícipes no mercado e, en particular, dos consumidores. Esta función desenvolverase cos instrumentos que se consideren adecuados e, en especial, mediante a elaboración de informes, estudos, traballos de investigación e propostas.

2. Para os efectos dos artigos 25 e 26 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, a Comisión Nacional da Competencia poderá elaborar informes e propostas respecto dos proxectos e proposicións de normas, así como dirixir ás administracións públicas propostas para a modificación ou supresión das restricións á competencia efectiva derivadas da súa actuación ou para o mantemento ou restablecemento da competencia nos mercados. En particular, a Comisión Nacional da Competencia emitirá informe sobre os proxectos e proposicións de normas que remita o Ministerio de Economía e Facenda.

3. A Comisión Nacional da Competencia poderá dirixir ao Ministerio de Economía e Facenda as propostas de elaboración e reforma normativa que afecten a competencia.

Artigo 10. *Deber de colaboración e información en relación coa promoción da competencia.*

1. A Comisión Nacional da Competencia conta, para o exercicio da función de promoción da competencia, coas facultades que a Lei 15/2007, do 3 de xullo, lle atribúe para a execución das súas competencias. En particular, poderá solicitar dos sectores económicos afectados datos e informacións sobre a situación dos mercados.

2. Para efectos do establecido no artigo 39 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, toda persoa física ou xurídica e os órganos e organismos de calquera Administración pública quedan suxeitos ao deber de colaboración coa Comisión Nacional da Competencia e están obrigados a proporcionar, por requirimento desta e en prazo, toda clase de datos e informacións de que dispoñan e que poidan resultar necesarios para o exercicio, por parte da Comisión Nacional da Competencia, da súa función de promover a competencia efectiva nos mercados, a que se refire o artigo 26.1 da Lei 15/2007, do 3 de xullo.

3. Ante o incumprimento dos deberes de colaboración e información coa Comisión Nacional da Competencia a que se refire este artigo, aplicarase o disposto no artigo 21 deste regulamento.

TÍTULO II

Dos procedementos en materia de defensa da competencia

CAPÍTULO I

Disposicións comúns

Artigo 11. *Práctica das notificacións.*

1. Para os efectos da práctica das notificacións a que se refiren os artigos 36 e 37 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, as partes interesadas no expediente deberán designar un lugar na localidade en que se encontre a sede da autoridade de competencia ou indicar e identificar os medios electrónicos pertinentes, de acordo co previsto no artigo 28 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, onde se poida facer a notificación até as vinte e catro horas do último día do prazo.

2. De acordo co artigo 58 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, entenderase cumprida a obriga de notificar co intento de notificación, que conteña cando menos o texto íntegro da resolución, debidamente acreditado dentro do prazo máximo establecido.

Artigo 12. *Cómputo dos prazos máximos dos procedementos en casos de suspensión.*

1. En caso de suspensión do prazo máximo, o órgano competente da Comisión Nacional da Competencia deberá adoptar un acordo en que se sinale a causa da suspensión, de acordo co previsto no artigo 37 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, entendéndose suspendido o cómputo do prazo:

a) Nos supostos previstos no artigo 37.1.a) e b) da Lei 15/2007, do 3 de xullo, polo tempo que medie entre a notificación do requirimento e o seu efectivo cumprimento polo destinatario ou, no seu defecto, durante o prazo concedido;

b) No suposto previsto no artigo 37.1.e) da Lei 15/2007, do 3 de xullo, durante o tempo necesario para a incorporación dos resultados das probas ou de actuacións complementarias ao expediente;

c) No suposto previsto no artigo 37.1.g) da Lei 15/2007, do 3 de xullo, cando se inicien negociacións con vistas á conclusión dun acordo de terminación convencional, desde o acordo de inicio das actuacións e até a conclusión, de ser o caso, das referidas negociacións;

d) No suposto previsto no artigo 37.2.b) da Lei 15/2007, do 3 de xullo, polo tempo que medie entre a notificación do requirimento e o seu efectivo cumprimento polo destinatario, sen prexuízo do disposto nos puntos 4 e 5 do artigo 55 da Lei 15/2007, do 3 de xullo;

e) No suposto do artigo 37.2.d) da Lei 15/2007, do 3 de xullo, polo tempo que medie entre a petición de informe, que se lles deberá notificar aos interesados, e a recepción do informe, que igualmente lles deberá ser comunicada;

f) Nos demais supostos do artigo 37 da Lei 15/2007, entenderase suspendido o cómputo do prazo desde a data do acordo de suspensión, que se lles deberá notificar aos interesados.

2. Para o levantamento da suspensión do prazo máximo, o órgano competente da Comisión Nacional da Competencia deberá ditar un novo acordo en que se determinará que se entende reiniciado o cómputo do

prazo desde o día seguinte ao da resolución do incidente que deu lugar á suspensión e a nova data do prazo máximo para resolver o procedemento. Este acordo de levantamento da suspensión seralles igualmente notificado aos interesados.

3. Nos casos de suspensión do prazo, o día final do prazo determinarase engadindo ao termo do prazo inicial os días naturais durante os que quedou suspendido o prazo.

Artigo 13. *Facultades de inspección.*

1. Para os efectos do artigo 40 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, o persoal da Comisión Nacional da Competencia poderá ir acompañado de expertos ou peritos nas materias sobre as que verse a inspección, así como de expertos en tecnoloxías da información, todos eles debidamente autorizados polo director de Investigación.

2. Para efectos do establecido no artigo 40.2.a) da Lei 15/2007, do 3 de xullo, o persoal autorizado polo director de Investigación poderá realizar inspeccións nos domicilios particulares dos empresarios, administradores e outros membros do persoal das empresas, cando existan indicios fundados de que en tales domicilios particulares se poidan encontrar libros ou outra documentación relacionada coa empresa e co obxecto da inspección que poidan servir para probar unha infracción grave ou moi grave. O persoal autorizado disporá das facultades previstas no artigo 40.2.b), c) e d) da Lei 15/2007, do 3 de xullo.

3. O persoal autorizado para proceder a unha inspección exercerá os seus poderes logo de presentación dunha autorización escrita do director de Investigación que indique o obxecto e a finalidade da inspección, os suxeitos investigados, os datos, documentos, operacións, informacións e outros elementos que deban ser obxecto da inspección, a data en que a inspección se vaia practicar e o seu alcance. A autorización escrita incluírá, así mesmo, as sancións previstas na Lei 15/2007, do 3 de xullo, para o caso de que as empresas non se sometan ás inspeccións ou obstrúan por calquera medio o labor de inspección da Comisión Nacional da Competencia.

4. De todas as entradas e inspeccións realizadas en locais, terreos, medios de transporte e domicilios redactarase unha acta asinada polo funcionario autorizado e pola persoa ante a cal se realizase a inspección ou, en caso de que esta non se encontrase presente no momento da sinatura, pola persoa a quen autorice para iso. A negativa destas persoas a asinar a acta non impedirá que esta, unha vez asinada por dous funcionarios autorizados, teña valor probatorio. A acta xuntaráselle a relación dos documentos dos que se obtivese copia, así como un exemplar dela e, de ser o caso, a relación daqueles documentos que fosen retidos e trasladados temporalmente á Comisión Nacional da Competencia polo persoal inspector, calquera que sexa o seu soporte material.

5. O persoal inspector expediralles aos afectados unha copia da acta e dos demais documentos anexos a esta.

Artigo 14. *Colaboración cos órganos competentes das comunidades autónomas en materia de poderes de investigación.*

Para os efectos do previsto no artigo 40 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, relativo ás facultades de inspección, nos procedementos que teñan por obxecto as condutas previstas nos artigos 1, 2 e 3 desa lei, a Comisión Nacional da Competencia e os órganos competentes das comunidades autónomas e estes entre si, poderanse solicitar mutuamente a asistencia do seu persoal.

Artigo 15. *Colaboración coa Comisión Europea e con outras autoridades nacionais de competencia en materia de poderes de investigación.*

A Comisión Nacional da Competencia é a autoridade competente para colaborar nas inspeccións e noutros poderes de investigación coa Comisión Europea e con outras autoridades nacionais de competencia nos termos establecidos no Regulamento (CE) n.º 1/2003, do 16 de decembro de 2002, relativo á aplicación das normas sobre competencia previstas nos artigos 81 e 82 do Tratado e no Regulamento (CE) 139/2004 do Consello, do 20 de xaneiro de 2004, sobre o control das concentracións entre empresas.

Artigo 16. *Coordinación cos presidentes dos órganos reguladores sectoriais.*

Para os efectos do disposto no punto 3 do artigo 17 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, as reunións do presidente da Comisión Nacional da Competencia cos presidentes dos organismos reguladores sectoriais terán lugar, polo menos, anualmente ou cando o considere necesario calquera deles, atendendo á situación da competencia efectiva do sector económico respectivo ou a circunstancias puntuais que o poidan afectar.

Artigo 17. *Deber de colaboración.*

1. Para os efectos do establecido no artigo 39 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, os órganos da Comisión Nacional da Competencia, ao solicitaren información necesaria para o exercicio das súas funcións previstas na Lei 15/2007, do 3 de xullo, advertirán o destinatario do requirimento do prazo de que dispón para remitir a información solicitada e da imposición da multa coercitiva que, en caso de incumprimento, poderá ser acordada de acordo co disposto no artigo 67 da Lei 15/2007, do 3 de xullo.

2. Transcorrido o prazo mencionado no punto anterior sen que se cumprise o requirimento, os órganos da Comisión Nacional da Competencia poderán reiteralo, fixando un novo prazo que non poderá ser superior á metade do establecido inicialmente, apercibindo o destinatario do requirimento de que, unha vez transcorrido este prazo, se procederá á imposición dunha multa coercitiva.

3. A imposición da multa coercitiva rexerese polo establecido no artigo 21 do presente regulamento.

Artigo 18. *Información administrativa e atención ao cidadán.*

Sen prexuízo do disposto no artigo 55.2 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, a Comisión Nacional da Competencia prestará os servizos de información administrativa e atención ao cidadán, así como de xestión de queixas e suxestións en relación coa defensa da competencia, conforme o disposto no Real decreto 208/1996, do 9 de febreiro, polo que se regulan os servizos de información administrativa e atención ao cidadán, e no Real decreto 951/2005, do 29 de xullo, polo que se establece o marco xeral para a mellora da calidade na Administración xeral do Estado.

Artigo 19. *Vista ante o Consello da Comisión Nacional da Competencia.*

1. O Consello da Comisión Nacional da Competencia poderá acordar a realización de vista, logo de solicitude dos interesados ou cando a considere adecuada para o exame e axuízamento do obxecto do expediente. Na solicitude, dirixida á Secretaría do Consello da Comisión Nacional da Competencia, os interesados comunicarán as

persoas que teñen interese en asistir á vista, expresando a condición que desempeñen en relación cos interesados.

2. A realización da vista será contradictoria. Nela intervirán os interesados, os seus representantes, o persoal da Dirección de Investigación e as persoas autorizadas polo presidente da Comisión Nacional da Competencia. O Consello da Comisión Nacional da Competencia poderá tamén requirir a presenza na vista daquelas persoas que considere oportunas; comunicarlles este feito aos interesados con indicación da súa identidade, cargo e ocupación profesional, e deberá quedar garantida, en todo caso, a confidencialidade das actuacións.

3. A vista comezará coa exposición da proposta de resolución e informe do representante da Dirección de Investigación, e terminará coa exposición polos interesados das súas alegacións; concederáselles aos interesados e ao representante da Dirección de Investigación unha nova quenda para que, brevemente, poidan aclarar, rectificar feitos ou conceptos e concretar a súa posición.

O presidente da Comisión Nacional da Competencia poderalles dirixir aos interesados e ao representante da Dirección de Investigación as preguntas que coide oportunas e conceder autorización a calquera dos conselleiros para que o faga.

4. Terá o presidente da Comisión Nacional da Competencia todas as facultades necesarias para conservar e restablecer a orde nas vistas e manter o respecto debido ao Consello da Comisión Nacional da Competencia e aos demais poderes públicos, e poderá corrixir no acto os intervinientes, mesmo ordenar, se o coidase necesario, desaloxar a sala. En particular, o presidente da Comisión Nacional da Competencia terá a facultade de chamar á orde os interesados cando se afastaren das cuestións obxecto do expediente, e poderalles retirar o uso da palabra.

Artigo 20. *Tratamento de información confidencial.*

Calquera persoa que presente documentos ante a Comisión Nacional da Competencia, ao solicitar a confidencialidade de datos ou informacións, deberao facer de forma motivada ante o órgano competente no marco da tramitación do expediente en cuestión, e deberá presentar, ademais, unha versión non confidencial destes.

Artigo 21. *Imposición de multas coercitivas.*

1. Para efectos do establecido no artigo 67 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, son competentes para impor multas coercitivas:

a) A Dirección de Investigación, respecto das obrigas establecidas nos seus acordos e actos, no suposto de incumprimento do deber de colaboración establecido no artigo 39 da Lei 15/2007, do 3 de xullo.

b) O Consello da Comisión Nacional da Competencia, de oficio ou por proposta da Dirección de Investigación, respecto das obrigas establecidas nas súas resolucións, requirimentos e acordos e, de ser o caso, respecto das establecidas nos acordos de Consello de Ministros.

2. O acordo ou resolución que declare o incumprimento dunha obriga imporá, de ser o caso, a multa coercitiva correspondente, fixando a súa contía total en función do número de días de atraso no cumprimento, e concedendo un novo prazo para o cumprimento da obriga.

3. Transcorrido o prazo sinalado no punto anterior sen que a obriga se cumprise, os órganos da Comisión Nacional da Competencia poderán impor unha nova multa coercitiva polo tempo transcorrido, e reiterar a súa imposición tantas veces como sexa necesario até o cumprimento da obriga.

4. A imposición de multas coercitivas entenderase sen prexuízo da apertura, nos casos en que proceda de acordo co establecido no artigo 62 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, do correspondente procedemento sancionador, que se tramitará segundo o disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e nas súas normas de desenvolvemento.

Artigo 22. *Pagamento das multas, multas coercitivas e taxas.*

1. O pagamento das multas e multas coercitivas deberase realizar nos prazos previstos nos puntos 2 e 5 do artigo 62 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, sen prexuízo da normativa autonómica que sexa de aplicación.

2. O devengo da taxa por análise e estudo das operacións de concentración producírase cando o suxeito pasivo presente a notificación prevista no artigo 9 da Lei 15/2007, do 3 de xullo. A recadación da taxa en vía executiva efectuarase conforme o previsto no Regulamento xeral de recadación, mediante a celebración de convenios coa Axencia Estatal de Administración Tributaria.

Artigo 23. *Publicidade.*

1. Conforme o artigo 27 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, os acordos, resolucións e informes da Comisión Nacional da Competencia que se diten en aplicación da normativa de defensa da competencia serán publicados na páxina web da Comisión Nacional da Competencia (www.cncompetencia.es), unha vez notificados aos interesados.

2. A publicación a que se refire o punto anterior efectuarase tras resolver, de ser o caso, os aspectos confidenciais do seu contido e logo de disociación dos datos de carácter persoal a que se refire o artigo 3.a) da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, salvo no que se refire ao nome dos infractores.

Artigo 24. *Recurso contra as resolucións e actos ditados pola Dirección de Investigación.*

1. Conforme o establecido no artigo 47 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, unha vez presentado o recurso administrativo contra as resolucións e actos ditados pola Dirección de Investigación ante o Consello da Comisión Nacional da Competencia, este instará a Dirección de Investigación para que lle remita copia do expediente xunto co seu informe no prazo de cinco días.

2. Se houber outros interesados, daráselles traslado do recurso e poráselles de manifesto o expediente para que no prazo de quince días aleguen canto coiden procedente.

CAPÍTULO II

Do procedemento sancionador en materia de condutas prohibidas

SECCIÓN 1.^a DA INSTRUCCIÓN DO PROCEDEMENTO SANCIONADOR

Artigo 25. *Iniciación do procedemento.*

1. O procedemento sancionador iníciase sempre de oficio a Dirección de Investigación:

a) Por propia iniciativa, tras ter coñecemento directo ou indirecto das condutas susceptibles de constituír infracción.

b) Por iniciativa do Consello da Comisión Nacional da Competencia.

c) Por denuncia, co contido indicado no punto seguinte.

2. A denuncia dirixida á Dirección de Investigación da Comisión Nacional da Competencia deberá conter, como mínimo, a seguinte información, e o denunciante poderá achegar os datos e información adicionais recollidos no anexo I deste regulamento:

a) Nome ou razón social, domicilio, teléfono e número de fax do/dos denunciante/s e, no caso de que estes actúen por medio de representante, acreditación da representación e domicilio para efectos de notificacións.

b) Nome ou razón social, domicilio e, de ser o caso, número de teléfono e de fax ou calquera outro medio electrónico pertinente dos denunciados.

c) Feitos de que deriva a existencia dunha infracción e probas, de ser o caso, destes, así como definición e estrutura do mercado relevante.

d) De ser o caso, xustificación dos intereses lexítimos de acordo co artigo 31 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, para ser considerado interesado no eventual expediente sancionador.

3. Se a denuncia non reúne os requisitos establecidos no punto 2, requirirase o denunciante para que, nun prazo de dez días, emende a falta ou achegue a documentación requirida, con indicación de que, se así non o fixer, se considerará que desistiu da denuncia.

4. A desistencia do denunciante non lle impedirá á Dirección de Investigación realizar de oficio todas aquelas actuacións que considerase necesarias.

5. A formulación en forma dunha denuncia non vincula a Dirección de Investigación para iniciar o procedemento sancionador. O acordo de non-iniciación do procedemento do Consello da Comisión Nacional da Competencia, por proposta da Dirección de Investigación, deberáselle comunicar ao denunciante, indicando os motivos polos que non procede a iniciación do procedemento de acordo co disposto no artigo 49 da Lei 15/2007, do 3 de xullo.

Artigo 26. *Información reservada.*

No marco da información reservada prevista no artigo 49.2 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, a Dirección de Investigación poderalles dirixir solicitudes de información ao denunciante, aos denunciados e a terceiros. Cando a Dirección de Investigación lle solicite información ao denunciado, notificaralle todos os elementos obxectivos contidos na denuncia e relacionados cos feitos denunciados.

Artigo 27. *Acordo de non-incoación e arquivo da denuncia.*

1. Co fin de que o Consello da Comisión Nacional da Competencia poida acordar non incoar procedemento e archivar as actuacións nos termos establecidos nos artigos 44 e 49.3 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, a Dirección de Investigación daralle traslado da denuncia recibida, das actuacións previas practicadas, de ser o caso, e dunha proposta de arquivo.

2. Cando o Consello da Comisión Nacional da Competencia, á vista da proposta de arquivo, considere que pode haber indicios de infracción da normativa de defensa da competencia, instará da Dirección de Investigación a incoación do correspondente expediente.

Artigo 28. *Incoación do expediente.*

1. A incoación do expediente formalizarase co contido mínimo seguinte:

a) Identificación dos presuntos responsables e dos denunciante/s, se os houber.

b) Feitos que motivan a incoación.

c) Instrutor ou instrutores e, de ser o caso, secretario de instrución, con indicación do réxime de recusación.

d) De ser o caso, persoas que teñan a condición de interesado.

2. O acordo de incoación do expediente notificaráse-lles aos interesados e daráselles unha copia da denuncia aos denunciados.

3. Na páxina web da Comisión Nacional da Competencia farase público o feito da incoación de expedientes por parte da Dirección de Investigación.

4. O prazo de instrución do expediente será de doce meses contado desde a data do acordo de incoación. O transcurso do prazo máximo de dezaioito meses desde a data do acordo de incoación do procedemento sancionador sen que se resolverse o procedemento determinará a súa caducidade, de acordo co establecido no punto 1 do artigo 38 da Lei 15/2007, do 3 de xullo.

Artigo 29. *Acumulación, desagregación e ampliación de expedientes.*

A Dirección de Investigación, por propia iniciativa ou por instancia dos interesados, poderá dispor a acumulación de expedientes cando entre eles exista unha conexión directa, así como a súa desagregación cando a natureza dos feitos denunciados faga necesaria a tramitación de procedementos independentes. Así mesmo, poderá dispor a ampliación do acordo de incoación cando no curso da instrución se aprecie a participación doutros presuntos responsables, a presunta comisión doutras infraccións, ou comparezan novos interesados non incluídos no citado acordo.

Artigo 30. *Incorporación de información a un expediente.*

A Dirección de Investigación poderá acordar a incorporación a un expediente da información que conste noutro cando esta sexa necesaria para o esclarecemento dos feitos investigados naquel. O acordo de incorporación seralles notificado aos interesados e aos terceiros que remiten a información obxecto de incorporación, concedéndolles un prazo de cinco días para que aleguen canto coiden conveniente para a defensa dos seus dereitos e intereses.

Artigo 31. *Acceso ao expediente.*

Unha vez incoado o expediente, os interesados poderán acceder a el e obter copias individualizadas de todos os documentos que integren o expediente da Comisión Nacional da Competencia, coa excepción dos segredos comerciais doutros interesados ou terceiros, así como de calquera outra información confidencial, mediante a súa comparecencia nas dependencias da Comisión Nacional da Competencia, de forma que non se vexa afectada a eficacia do funcionamento desta e sen que se poida formular solicitude xenérica sobre o expediente.

Artigo 32. *Actos de investigación, alegacións e proba.*

1. O instrutor realizará cantas actuacións resulten necesarias para o esclarecemento dos feitos e a determinación de responsabilidades, solicitando os datos, infor-

macións e material probatorio relevantes para determinar a existencia de infraccións e dando, cando se coide procedente, participación aos interesados.

2. Os interesados poderán, en calquera momento da instrución do procedemento sancionador, aducir as alegacións e propor a práctica das probas que consideren relevantes para a defensa dos seus intereses. A Dirección de Investigación deberá resolver sobre a práctica da proba de forma motivada. Contra a denegación de práctica de proba non caberá ningún recurso.

Artigo 33. *Prego de concreción de feitos.*

1. De conformidade co previsto no artigo 50.3 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, os feitos que poidan ser constitutivos de infracción recolleranse nun prego de concreción de feitos que lles será notificado aos interesados que, nun prazo de quince días, o poderán contestar e, de ser o caso, propor as probas que consideren pertinentes. Recibidas as alegacións e practicadas as probas ou, de ser o caso, transcorrido o prazo de quince días, a Dirección de Investigación procederá ao peche da fase de instrución, notificándolle aos interesados, co fin de redactar a proposta de resolución prevista no artigo 50.4 da Lei 15/2007, do 3 de xullo.

2. Cando os feitos que poidan ser constitutivos de infracción, afectando un ámbito supraautonómico ou o conxunto do mercado nacional, inciden de forma significativa no territorio dunha comunidade autónoma, a Dirección de Investigación notificaralle ao órgano autonómico respectivo unha copia do prego de concreción de feitos e, de ser o caso, da denuncia e dos documentos e probas practicadas que consten no expediente, para que remita nun prazo de vinte días informe preceptivo, non vinculante. Esta solicitude de informe preceptivo seralles notificada aos interesados, para os efectos do artigo 37.1 da Lei 15/2007, do 3 de xullo.

3. Cando a Dirección de Investigación considere que non se acredita a existencia de prácticas prohibidas, notificarálle aos interesados, que disporán dun prazo de quince días para efectuar as alegacións ou propor a práctica das probas que coiden pertinentes. Recibidas as alegacións e practicadas as probas ou, de ser o caso, transcorrido o prazo de quince días, a Dirección de Investigación pechará a fase de instrución, notificándolle aos interesados, co fin de redactar a proposta de resolución prevista no artigo 50.4 da Lei 15/2007, do 3 de xullo.

Non obstante o anterior, se á vista das alegacións presentadas ou das probas practicadas, a Dirección de Investigación considerase que podería haber feitos constitutivos de infracción, aplicarase o disposto no punto 1 e elaborarse o correspondente prego de concreción de feitos.

Artigo 34. *Proposta de resolución e informe.*

1. A proposta de resolución deberá conter os antecedentes do expediente, os feitos acreditados, os seus autores, a cualificación xurídica que lle merezan os feitos, a proposta de declaración de existencia de infracción e, de ser o caso, os efectos producidos no mercado, a responsabilidade que lles corresponda aos seus autores, as circunstancias agravantes e atenuantes concorrentes e a proposta da Dirección de Investigación relativa á exención ou redución do importe da multa a que se refiren os artigos 65 e 66 da Lei 15/2007, do 3 de xullo. Cando a Dirección de Investigación considere que non quedou acreditada a existencia de prácticas prohibidas, porá de manifesto esta circunstancia na súa proposta de resolución.

A proposta de resolución, que incluírá as alegacións aducidas polos interesados durante a instrución e as probas propostas por estes, indicando se se practicaron ou

non, seralles notificada aos interesados para que, no prazo de quince días, formulen as alegacións que teñan por convenientes. As alegacións á proposta de resolución da Dirección de Investigación deben conter, de ser o caso, as propostas das partes en relación coa práctica de probas e actuacións complementarias ante o Consello da Comisión Nacional da Competencia, así como a solicitude de realización de vista.

2. De acordo co previsto no artigo 50.5 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, transcorrido o prazo previsto no punto anterior, a Dirección de Investigación elevará ao Consello da Comisión Nacional da Competencia o expediente, xunto co informe que conterà a proposta de resolución e as alegacións recibidas á citada proposta.

Artigo 35. *Preclusión.*

A Dirección de Investigación non terá en conta no seu informe as alegacións presentadas polos interesados fóra dos prazos concedidos en virtude dos puntos 1 e 3 do artigo 33 deste regulamento para contestar o prego de concreción de feitos ou, de ser o caso, a notificación da Dirección de Investigación manifestándolles que non quedou acreditada a existencia de prácticas prohibidas. Así mesmo, a Dirección de Investigación denegará a práctica de probas adicionais transcorridos estes prazos. En todo caso, os escritos serán incorporados ao expediente, indicándose expresamente que se presentaron fóra de prazo.

SECCIÓN 2.^a DA RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO SANCIONADOR

Artigo 36. *Probas e actuacións complementarias.*

1. Recibido o expediente, o Consello da Comisión Nacional da Competencia poderá acordar a práctica de probas, ben de oficio ou por instancia dos interesados, instando da Dirección de Investigación a súa práctica. O Consello da Comisión Nacional da Competencia poderá rexeitar a práctica daquelas probas propostas polos interesados que, podendo ter sido propostas en fase de instrución ante a Dirección de Investigación, non o tivesen sido.

2. O resultado das dilixencias de proba practicadas pola Dirección de Investigación será remitido ao Consello da Comisión Nacional da Competencia, que o porá de manifesto aos interesados para que, no prazo de dez días, aleguen canto coiden conveniente acerca do seu alcance ou importancia.

3. O Consello da Comisión Nacional da Competencia poderá acordar a práctica de actuacións complementarias pola Dirección de Investigación, establecendo a intervención que os interesados deban ter nela. Os interesados disporán dun prazo de dez días para valorar o resultado das actuacións complementarias practicadas.

4. Se o Consello da Comisión Nacional da Competencia estimase que a existencia de prácticas prohibidas non quedou suficientemente acreditada no informe da Dirección de Investigación, poderá instar desta a realización das actuacións complementarias que sexan precisas para o esclarecemento dos feitos.

Realizadas as actuacións complementarias, a Dirección de Investigación elaborará unha nova proposta de resolución en que se incluírá, de ser o caso, a nova valoración dos feitos, que será elevada ao Consello da Comisión Nacional da Competencia. A proposta seralles notificada aos interesados para que, nun prazo de quince días, formulen as alegacións que coiden oportunas.

Artigo 37. Outras actuacións do Consello da Comisión Nacional da Competencia.

1. O Consello da Comisión Nacional da Competencia, en calquera momento da fase de resolución do expediente sancionador, poderá pronunciarse sobre a condición de interesado de todas aquelas persoas que acrediten intereses lexítimos de acordo co artigo 31 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. De conformidade co artigo 51.3 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, o Consello da Comisión Nacional da Competencia poderá, así mesmo, acordar a realización de vista, logo de solicitude dos interesados ou cando a considere adecuada para a análise ou axuizamento das pretensións obxecto do expediente. Nesa solicitude deberase conter a información a que fai referencia o artigo 19.1 deste regulamento.

3. O Consello da Comisión Nacional da Competencia notificaralles ao resto de interesados a solicitude de vista, co obxecto de que poidan manifestar, no prazo que se lles indique, a súa vontade de asistir e, en tal caso, achegar a información a que fai referencia o artigo 19.1 deste regulamento. O Consello da Comisión Nacional da Competencia comunicarlles aos interesados que solicitasen asistir á vista oral a súa data e hora de realización.

Artigo 38. Contido da resolución.

1. As resolucións do Consello da Comisión Nacional da Competencia conterán os antecedentes do expediente, os feitos probados, os seus autores, a cualificación xurídica e os fundamentos xurídicos da decisión.

2. Así mesmo, de conformidade co artigo 53.1 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, nas súas resolucións o Consello da Comisión Nacional da Competencia declarará, segundo os casos, a existencia de condutas prohibidas pola Lei de defensa da competencia e/ou polos artigos 81 e 82 do Tratado da Comunidade Europea; a existencia de condutas que, pola súa escasa importancia, non sexan capaces de afectar de maneira significativa a competencia ou que non resultou acreditada a existencia de prácticas prohibidas.

3. Igualmente, en virtude do artigo 53.2 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, o Consello da Comisión Nacional da Competencia poderá ordenar a cesación das condutas prohibidas nun prazo determinado, impor condicións ou obrigas, estruturais ou de comportamento, ordenar a remoción dos efectos das prácticas prohibidas contrarias ao interese público, impor multas, archivar actuacións e adoptar calquera outra medida cuxa adopción lle autorice a Lei de defensa da competencia.

Artigo 39. Terminación convencional dos procedementos sancionadores.

1. De conformidade co artigo 52 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, en calquera momento do procedemento previo á elevación do informe proposta previsto no artigo 50.4 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, a Dirección de Investigación poderá acordar, por proposta dos presuntos autores das condutas prohibidas, o inicio das actuacións tendentes á terminación convencional dun procedemento sancionador en materia de acordos e prácticas prohibidas. Este acordo de inicio da terminación convencional seralles notificado aos interesados, e indicarse se queda suspendido o cómputo do prazo máximo do procedemento até a conclusión da terminación convencional.

2. Os presuntos infractores presentarán a súa proposta de compromisos ante a Dirección de Investigación no prazo que esta fixe no acordo de iniciación da terminación convencional, que non poderá ser superior a tres

meses. Esta proposta será trasladada ao Consello da Comisión Nacional da Competencia para o seu coñecemento.

3. Se os presuntos infractores non presentasen os compromisos no prazo sinalado pola Dirección de Investigación, considerarase que desistiron da súa petición de terminación convencional, continuándose a tramitación do procedemento sancionador. Así mesmo, entenderase que os presuntos infractores desisten da súa petición se, unha vez presentados os compromisos ante a Dirección de Investigación e considerando esta que tales compromisos non resolven adecuadamente os efectos sobre a competencia derivados das condutas obxecto do expediente ou non garanten suficientemente o interese público, os presuntos infractores non presentaren, no prazo establecido para tal efecto pola Dirección de Investigación, novos compromisos que, a xuízo desta, resolvan os problemas detectados.

4. A proposta de compromisos seralles remitida pola Dirección de Investigación aos demais interesados co fin de que poidan aducir, no prazo que se sinale, cantas alegacións crean convenientes.

5. A Dirección de Investigación elevará ao Consello da Comisión Nacional da Competencia a proposta de terminación convencional para a súa adopción e incorporación á resolución que poña fin ao procedemento. Recibida a proposta de terminación convencional e, de ser o caso, informada a Comisión Europea de acordo co previsto no artigo 11.4 do Regulamento (CE) n.º 1/2003 do Consello, do 16 de decembro de 2002, relativo á aplicación das normas sobre competencia previstas nos artigos 81 e 82 do Tratado, o Consello da Comisión Nacional da Competencia poderá:

a) Resolver o expediente sancionador por terminación convencional, estimando adecuados os compromisos presentados.

b) Resolver que os compromisos presentados non resolven adecuadamente os efectos sobre a competencia derivados das condutas obxecto do expediente ou non garanten suficientemente o interese público, caso en que poderá conceder un prazo para que os presuntos infractores presenten ante o Consello da Comisión Nacional da Competencia novos compromisos que resolvan os problemas detectados. Se, transcorrido este prazo, os presuntos infractores non presentaron novos compromisos, considerarase que desistiron da súa petición e o Consello da Comisión Nacional da Competencia instará da Dirección de Investigación a continuación do procedemento sancionador.

6. A resolución que poña fin ao procedemento mediante a terminación convencional establecerá como contido mínimo:

a) A identificación das partes que resulten obrigadas polos compromisos,

b) O ámbito persoal, territorial e temporal dos compromisos,

c) O obxecto dos compromisos e o seu alcance, e

d) O réxime de vixilancia do cumprimento dos compromisos.

7. O incumprimento da resolución que poña fin ao procedemento mediante a terminación convencional terá a consideración de infracción moi grave de acordo co establecido no artigo 62.4.c) da Lei 15/2007, do 3 de xullo, podendo determinar, así mesmo, a imposición de multas coercitivas de acordo co establecido no artigo 67 da Lei de defensa da competencia e no artigo 21 deste regulamento, así como, de ser o caso, a apertura dun expediente sancionador por infracción dos artigos 1, 2 ou 3 da Lei 15/2007, do 3 de xullo.

SECCIÓN 3.^a DAS MEDIDAS CAUTELARESArtigo 40. *Clases de medidas cautelares.*

1. De acordo co establecido no artigo 54 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, o Consello da Comisión Nacional da Competencia poderá adoptar, entre outras, as seguintes medidas cautelares tendentes a asegurar a eficacia da resolución:

a) Ordes de cesación ou de imposición de condicións determinadas para evitar o dano que puidesen causar as condutas a que o expediente se refire.

b) Fianza de calquera clase declarada bastante polo Consello da Comisión Nacional da Competencia para responder da indemnización dos danos e perdas que se puidesen causar.

2. Non se poderán ditar medidas cautelares que lles poidan orixinar prexuízos irreparables aos interesados ou que impliquen violación de dereitos fundamentais.

Artigo 41. *Adopción e réxime xurídico das medidas cautelares.*

1. A Dirección de Investigación, durante a fase de instrución do procedemento sancionador, poderalle propor ao Consello da Comisión Nacional da Competencia, de oficio ou por instancia dos interesados, a adopción de medidas cautelares. Se as medidas cautelares fosen solicitadas polos interesados, a Dirección de Investigación, no prazo de dous meses contados desde a presentación da solicitude ou, de ser o caso, da adopción do acordo de incoación, elevará a proposta ao Consello da Comisión Nacional da Competencia, sen prexuízo do cal a petición só se poderá entender desestimada por silencio negativo transcorrido o prazo máximo de tres meses, que se computará de acordo co previsto no artigo 36.6 da Lei 15/2007, do 3 de xullo.

2. Cando, durante a fase de resolución do procedemento sancionador, os interesados soliciten ao Consello da Comisión Nacional da Competencia a adopción de medidas cautelares ou este considere que tal adopción é necesaria, solicitará informe á Dirección de Investigación sobre a súa procedencia. De as medidas cautelares teren sido solicitadas polos interesados, a Dirección de Investigación elevará o seu informe no prazo de dous meses contado desde a petición de informe polo Consello da Comisión Nacional da Competencia.

3. O Consello da Comisión Nacional da Competencia, unha vez recibida a proposta ou, de ser o caso, o informe da Dirección de Investigación, oír os interesados no prazo de cinco días, transcorridos os cales resolverá sobre a procedencia das medidas.

4. O Consello da Comisión Nacional da Competencia, de oficio ou por instancia dos interesados, e logo de informe da Dirección de Investigación, poderá acordar, en calquera momento da tramitación do procedemento sancionador, a suspensión, modificación ou revogación das medidas cautelares en virtude de circunstancias sobrevindas ou que non puidesen ser coñecidas ao tempo da súa adopción, concedéndolles aos interesados un prazo de cinco días para que aleguen canto coiden pertinente para a defensa dos seus dereitos e intereses.

5. As medidas cautelares cesarán cando se adopte a resolución do Consello da Comisión Nacional da Competencia que poña fin ao procedemento e en ningún caso a súa proposta, adopción, suspensión, modificación ou revogación suspenderá a tramitación do procedemento.

6. De acordo co disposto no artigo 67 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, en caso de incumprimento das medidas cautelares acordadas, o Consello da Comisión Nacional

da Competencia poderá impor multas coercitivas que se rexerán polo disposto no artigo 21 deste regulamento.

SECCIÓN 4.^a DA VIXILANCIAArtigo 42. *Vixilancia do cumprimento das obrigas e resolucións do Consello da Comisión Nacional da Competencia.*

1. Para efectos do establecido no artigo 41 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, o Consello da Comisión Nacional da Competencia, ao adoptar a resolución ou o acordo que imponha unha obriga, deberalle advertir ao seu destinatario do prazo de que dispón para o cumprir, apercibíndoo da contía da multa coercitiva que, en caso de incumprimento, lle poderá ser imposta por cada día de atraso nos termos previstos no artigo 67 da Lei 15/2007, do 3 de xullo.

2. Unha vez que a resolución ou o acordo sexan executivos, a Dirección de Investigación levará a cabo todas as actuacións precisas para vixiar o seu cumprimento.

3. Cando a Dirección de Investigación estime un posible incumprimento das obrigas e resolucións do Consello da Comisión Nacional da Competencia, poderá elaborar un informe de vixilancia que lles será notificado aos interesados para que, no prazo de quince días, formulen as alegacións que teñan por convenientes.

4. Recibidas as alegacións dos interesados e, de ser o caso, practicadas as actuacións adicionais que se consideren necesarias, a Dirección de Investigación remitirá o informe de vixilancia ao Consello da Comisión Nacional da Competencia para efectos de que este declare o cumprimento das obrigas impostas, ou ben declare o seu incumprimento.

5. A resolución do Consello da Comisión Nacional da Competencia que declare o incumprimento dunha obriga poderá impor a multa coercitiva correspondente, segundo o establecido no artigo 21 deste regulamento.

SECCIÓN 5.^a DO PROCEDEMENTO DE DECLARACIÓN DE INAPLICABILIDADEArtigo 43. *Declaracións de inaplicabilidade.*

1. De acordo co disposto no artigo 6 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, o procedemento de declaración de inaplicabilidade iníciase de oficio a Dirección de Investigación, xa sexa por iniciativa propia ou do Consello da Comisión Nacional da Competencia, elaborando unha proposta de declaración de inaplicabilidade tras valorar o cumprimento das condicións previstas no citado artigo 6 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, que será elevada ao Consello da Comisión Nacional da Competencia.

2. Para a elaboración da proposta de declaración de inaplicabilidade, a Dirección de Investigación realizará as actuacións que sexan necesarias, solicitando os datos, informacións e material probatorio relevantes.

3. Recibida a proposta de declaración de inaplicabilidade, o Consello da Comisión Nacional da Competencia poderalle instar á Dirección de Investigación a práctica de probas ou a realización de actuacións complementarias co fin de aclarar cuestións precisas para a formación do seu xuízo.

4. Con carácter previo á adopción da declaración de inaplicabilidade polo Consello da Comisión Nacional da Competencia, este requiriralle informe ao Consello de defensa da competencia, que será emitido no prazo dun mes.

5. O Consello da Comisión Nacional da Competencia poderá someter a consulta pública a proposta de declaración de inaplicabilidade, co obxecto de que se presenten observacións, durante un prazo non inferior a quince días.

SECCIÓN 6.^a DA RETIRADA DA EXENCIÓN POR CATEGORÍASArtigo 44. *Inicio do procedemento de retirada da exención por categorías.*

1. A Comisión Nacional da Competencia poderá retirar, de acordo co establecido nos correspondentes regulamentos de exención por categorías, o beneficio da exención prevista nos puntos 4 e 5 do artigo 1 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, se comprobouse que, nun caso determinado, un acordo que goza dunha exención produce efectos incompatibles coas condicións previstas no artigo 1.3 da Lei 15/2007, do 3 de xullo.

2. Así mesmo, este procedemento poderase iniciar cando se dean as condicións de retirada previstas no regulamento comunitario de exención por categorías que fose aplicable ao suposto concreto.

Artigo 45. *Procedemento de retirada da exención por categorías.*

1. Cando a Dirección de Investigación considere que existen indicios suficientes de que se produciu algunhas das circunstancias recollidas no artigo anterior deste regulamento, incoará o procedemento para retirar a exención. O acordo de incoación do expediente notificaráse-lles aos interesados.

2. A Dirección de Investigación realizará a instrución que sexa necesaria para a constatación dos feitos que fundamenten a retirada da exención, solicitando os datos, informacións e material probatorio relevantes para concretar os feitos, dando, de ser o caso, participación aos interesados.

3. Os feitos concretaranse e cualificaranse nun informe que a Dirección de Investigación lles notificará aos interesados para que, no prazo de dez días, formulen as alegacións que consideren pertinentes e propoñan a práctica das probas que coiden oportunas. No prazo máximo de tres meses, contado desde a data de incoación do expediente de retirada, a Dirección de Investigación elevará o informe proposta ao Consello da Comisión Nacional da Competencia. As probas propostas polos interesados serán recollidas neste informe, expresando a súa práctica ou, de ser o caso, a súa denegación.

4. O Consello da Comisión Nacional da Competencia, recibido o informe proposta da Dirección de Investigación, poderá instar desta a práctica de probas distintas das xa practicadas na fase de instrución así como a realización de actuacións complementarias co fin de aclarar cuestións precisas para a formación do seu xuízo. O acordo de práctica de probas e de realización de actuacións complementarias notificaráselles aos interesados, concedéndose un prazo de dez días para que formulen as alegacións que teñan por pertinentes. Este acordo fixará, sempre que sexa posible, o prazo para a súa realización.

5. O Consello da Comisión Nacional da Competencia, concluídas as actuacións e, de ser o caso, informada a Comisión Europea de acordo co previsto no artigo 11.4 do Regulamento (CE) n.º 1/2003 do Consello, do 16 de decembro de 2002, relativo á aplicación das normas sobre competencia previstas nos artigos 81 e 82 do Tratado, ditará e notificará a resolución no prazo máximo de seis meses contado desde a data do acordo de incoación do expediente. O transcurso deste prazo sen que se ditase e notificase a resolución determinará a caducidade do procedemento.

6. A resolución que acorde a retirada da exención concederalles aos interesados un prazo para que adapten as súas condutas ás condicións establecidas na dita resolución, advertindo que o transcurso do prazo sen que se realizasen as adaptacións necesarias determinará a apertura do correspondente expediente sancionador e, de ser

o caso, a imposición de multas coercitivas de acordo co establecido no artigo 67 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, e no artigo 21 deste regulamento.

SECCIÓN 7.^a DOS PROCEDEMENTOS DE EXENCIÓN E DE REDUCCIÓN DO IMPORTE DA MULTAArtigo 46. *Presentación das solicitudes de exención do pagamento da multa.*

1. O procedemento de exención do pagamento da multa iniciarase por instancia da empresa ou persoa física solicitante que participase no cartel. O solicitante deberá presentar ante a Dirección de Investigación unha solicitude formal de exención acompañada de toda a información e elementos de proba de que dispoña tendo en conta, segundo proceda, o establecido nas letras a) ou b) do punto 1 do artigo 65 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, e no punto terceiro deste artigo.

2. Por petición do solicitante, a Dirección de Investigación poderá aceptar que a solicitude se presente verbalmente. Esta declaración, que irá acompañada da información e dos elementos de proba a que se fai referencia no punto seguinte, será gravada nas dependencias da Comisión Nacional da Competencia, rexistrándose a súa transcripción.

3. O solicitante da exención do pagamento da multa ao abeiro do establecido no artigo 65.1 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, deberalle facilitar á Dirección de Investigación a seguinte información e elementos de proba:

a) O nome ou razón social e o enderezo do solicitante.

b) O nome ou razón social, o enderezo das empresas e os datos profesionais de todas as persoas físicas que participen ou participasen no cartel.

c) Unha descrición detallada do cartel que inclúa:

Os seus obxectivos, actividades e funcionamento.

Os produtos, servizos e o territorio afectados.

A duración estimada e a natureza do cartel.

d) Probas do cartel que estean en posesión do solicitante ou das que este poida dispor no momento de presentar a súa solicitude, en particular, probas contemporáneas deste, que permitan verificar a súa existencia.

e) Relación das solicitudes de exención ou de redución do importe da multa que o solicitante, de ser o caso, presentase ou vaia presentar ante outras autoridades de competencia en relación co mesmo cartel.

4. A orde de recepción das solicitudes de exención fixarase atendendo á súa data e hora de entrada no rexistro do órgano de competencia a que se dirixan para a súa tramitación, con independencia do rexistro en que fosen presentadas. O solicitante poderalle requirir ao órgano de competencia a expedición dun recibo da presentación desta solicitude, en que deberá constar a data e hora de entrada no rexistro do dito órgano.

5. A Dirección de Investigación poderá conceder, logo de petición motivada do solicitante, un prazo para a presentación dos elementos probatorios do cartel. En todo caso, a empresa ou persoa física deberá presentar ante a Dirección de Investigación a información sinalada nas letras a), b), c) e e) do punto 3 deste artigo. Unha vez presentados os elementos de proba neste prazo, enténdese que a data de presentación da solicitude de exención é a data da solicitude inicial.

Artigo 47. *Tramitación das solicitudes de exención do pagamento da multa.*

1. A Dirección de Investigación examinará a información e os elementos de proba presentados e comprobará

se se cumpren as condicións do artigo 65.1 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, caso en que acordará a exención condicional do pagamento da multa, notificándollo á empresa ou persoa física solicitante.

2. Se non se cumpren as condicións establecidas no artigo 65.1 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, ou a solicitude de exención fose presentada con posterioridade á notificación do prego de concreción de feitos, a Dirección de Investigación rexeitará a solicitude de exención, notificándollo ao solicitante, que poderá retirar a información e os elementos de proba que presentase ou solicitar á Dirección de Investigación que ambos sexan examinados de acordo co establecido no artigo 66 da Lei 15/2007, do 3 de xullo. A retirada da información e os elementos de proba non impedirá á Dirección de Investigación facer uso das súas facultades de investigación co fin de obtelos.

3. O exame das solicitudes de exención do pagamento da multa farase seguindo a súa orde de recepción.

4. Se ao termo do procedemento sancionador o solicitante cumpriese os requisitos establecidos no artigo 65.2 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, o Consello da Comisión Nacional da Competencia, de acordo coa proposta da Dirección de Investigación, concederalle ao solicitante a exención do pagamento da multa na resolución que poña fin a ese procedemento. En caso contrario, o solicitante non se poderá beneficiar de ningún trato favorable consonte o disposto nesta sección, excepto no suposto de incumprimento do establecido no artigo 65.2.d) da Lei 15/2007, do 3 de xullo, caso en que se poderá conceder unha redución do importe da multa.

Artigo 48. *Solicitudes abreviadas de exención.*

1. Nos casos en que a empresa presentase ou vaia presentar unha solicitude de exención do pagamento da multa ante a Comisión Europea por ser esta a autoridade de competencia particularmente ben situada para coñecer do cartel, poderase presentar ante a Dirección de Investigación unha solicitude abreviada de exención. Só se poderán presentar solicitudes abreviadas no marco do establecido no artigo 65.1.a) da Lei 15/2007, do 3 de xullo.

2. Entenderase que a Comisión Europea é a autoridade de competencia particularmente ben situada para coñecer do cartel cando este teña efectos sobre a competencia en máis de tres Estados membros.

3. As solicitudes abreviadas deberán conter, polo menos, a seguinte información:

- a) Nome ou razón social e enderezo da empresa solicitante.
- b) Nome ou razón social e enderezo das empresas participantes no cartel.
- c) Produtos e territorios afectados polo cartel.
- d) Duración estimada e natureza do cartel.
- e) Estados membros en cuxo territorio se poidan encontrar elementos probatorios do cartel.
- f) Información sobre as solicitudes de exención ou de redución do pagamento da multa que o solicitante presentase ou teña intención de presentar ante outras autoridades de competencia en relación co mesmo cartel.

A Dirección de Investigación poderalle requirir ao solicitante a presentación de información adicional, establecendo un prazo para iso.

4. A orde de recepción das solicitudes abreviadas fixarase atendendo á súa data e hora de entrada no rexistro da Comisión Nacional da Competencia, con independencia do rexistro en que fosen presentadas. O solicitante poderalle requirir á Comisión Nacional da Competencia a expedición dun recibo da presentación desta solicitude, en que deberá constar a data e hora de entrada no rexistro da Comisión Nacional da Competencia.

5. No suposto de que a Comisión Nacional da Competencia sexa finalmente a autoridade de competencia que coñeza do cartel, a empresa deberá completar a solicitude abreviada de exención coa información e elementos de proba pertinentes, e disporá para iso dun prazo de dez días contado desde a data en que a Comisión Europea lle notifique a asignación do caso a favor da Comisión Nacional da Competencia.

Artigo 49. *Solicitudes de redución do importe da multa.*

1. A empresa ou persoa física que solicite a redución do importe da multa deberalle facilitar á Comisión Nacional da Competencia elementos de proba que proporcionen un valor engadido significativo con respecto a aqueles de que esta dispoña.

2. Entenderase que proporcionan un valor engadido significativo aqueles elementos de proba que, xa sexa pola súa natureza, xa polo seu nivel de detalle, permitan aumentar a capacidade da Comisión Nacional da Competencia de probar os feitos de que se trate.

Artigo 50. *Presentación e tramitación das solicitudes de redución do importe da multa.*

1. O procedemento de redución do importe da multa iniciarase por instancia da empresa ou persoa física que participase no cartel, debendo esta presentar para tal efecto, ante a Dirección de Investigación, unha solicitude formal xunto cos correspondentes elementos de proba, de acordo co previsto no artigo 46.3 deste regulamento. Por petición do solicitante, a Dirección de Investigación poderá aceptar que a solicitude se presente verbalmente, acompañada da correspondente información e elementos de proba, será gravada nas dependencias da Comisión Nacional da Competencia e rexistrarse a súa transcripción.

2. A orde de recepción das solicitudes de redución do importe da multa fixarase atendendo á súa data e hora de entrada no rexistro do órgano de competencia a que se dirixan para a súa tramitación, con independencia do rexistro en que se presentasen. O solicitante poderalle requirir ao órgano de competencia a expedición dun recibo da presentación desta solicitude, en que deberá constar a data e hora de entrada no rexistro do citado órgano.

3. A Dirección de Investigación poderá aceptar solicitudes de redución do importe da multa presentadas con posterioridade á notificación do prego de concreción de feitos cando, tendo en conta a información que consta no expediente, a natureza ou o contido dos elementos de proba achegados polo solicitante así o xustifiquen.

4. A Dirección de Investigación non examinará os elementos de proba presentados por unha empresa ou persoa física que solicite a redución do importe da multa sen antes pronunciarse sobre a exención condicional relativa a solicitudes previas de exención relacionadas co mesmo cartel.

5. A Dirección de Investigación, como máis tarde no momento de notificar o prego de concreción de feitos previsto no artigo 50.3 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, comunicarlle á empresa ou persoa física solicitante a súa proposta ao Consello da Comisión Nacional da Competencia sobre a redución do importe da multa por se reuniren os requisitos establecidos no artigo 66.1 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, ou ben informará de que non procede tal proposta por non se cumpren os requisitos para obter a redución.

Se a solicitude de redución do importe da multa foi presentada con posterioridade á notificación do prego de concreción de feitos, a Dirección de Investigación comunicarlle ao solicitante a súa proposta sobre a redución do

importe da multa na proposta de resolución prevista no artigo 50.4 da Lei 15/2007, do 3 de xullo.

6. De acordo co previsto no artigo 34.1 deste regulamento, a Dirección de Investigación incluíra na proposta de resolución a súa proposta de redución do importe da multa. A proposta de redución farase dentro dos intervalos que corresponda segundo o disposto no artigo 66.2 da Lei 15/2007, do 3 de xullo.

7. O Consello da Comisión Nacional da Competencia fixará a porcentaxe de redución aplicable a cada empresa ou persoa física na resolución que poña fin ao procedemento sancionador.

Artigo 51. Tratamento das solicitudes de exención ou de redución do importe da multa.

1. A Comisión Nacional da Competencia tratará como confidencial o feito mesmo da presentación dunha solicitude de exención ou de redución do importe da multa, e formará peza separada especial con todos os datos ou documentos da solicitude que considere de carácter confidencial, incluída, en todo caso, a identidade do solicitante.

2. De acordo co disposto no artigo 50.3 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, os interesados terán acceso aos datos ou documentos que, formando peza separada especial de confidencialidade, sexan necesarios para contestar o prego de concreción de feitos.

3. Sen prexuízo do previsto no punto anterior, non se poderán obter copias de calquera declaración do solicitante de exención ou de redución do importe da multa que realizase este de forma específica para a súa presentación xunto coa correspondente solicitude.

Artigo 52. Deber de cooperación dos solicitantes de exención ou de redución do importe da multa.

Para efectos do establecido nos artigos 65.2.a) e 66.1.b) da Lei 15/2007, do 3 de xullo, entenderase que o solicitante da exención ou da redución do importe da multa coopera plena, continua e diligentemente coa Comisión Nacional da Competencia cando, durante todo o procedemento, cumpra os seguintes requisitos:

a) Facilite sen dilación á Dirección de Investigación toda a información e os elementos de proba relevantes relacionados co presunto cartel que estean no seu poder ou á súa disposición.

b) Quede á disposición da Dirección de Investigación para responder sen demora a todo requirimento que poida contribuír ao esclarecemento dos feitos.

c) Facilite á Dirección de Investigación entrevistas cos empregados e directivos actuais da empresa e, de ser o caso, cos directivos anteriores.

d) Se absteña de destruír, falsificar ou ocultar información ou elementos de proba relevantes relativos ao presunto cartel.

e) Se absteña de divulgar a presentación da solicitude de exención ou de redución do importe da multa, así como o seu contido, antes da notificación do prego de concreción de feitos ou do momento que, de ser o caso, se acorde coa Dirección de Investigación.

Artigo 53. Mecanismos de coordinación cos órganos competentes das comunidades autónomas nos procedementos de exención do importe da multa.

1. Nos supostos en que a solicitude de exención se formule ante unha autoridade autonómica de competencia, o órgano competente desta comunidade autónoma, con carácter previo á resolución sobre a exención condicional, notificará a solicitude de exención á Comisión

Nacional da Competencia, acompañada de toda a información e elementos de proba de que dispoña. En tal notificación expresará o órgano, estatal ou autonómico, que considere competente, en aplicación dos mecanismos de coordinación e asignación de competencias previstos na Lei 1/2002, do 21 de febreiro, de coordinación das competencias do Estado e as comunidades autónomas en materia de defensa da competencia.

2. Igualmente, con carácter previo á resolución sobre a exención condicional, a Dirección de Investigación notificaralle ao órgano competente da comunidade autónoma as solicitudes de exención, acompañada de toda a información e elementos de proba de que dispoña, naqueles supostos en que resulte de aplicación a Lei 1/2002, do 21 de febreiro, e as condutas denunciadas non afecten un ámbito superior ao da súa comunidade autónoma. Nesta notificación a Dirección de Investigación expresará o órgano, estatal ou autonómico, que considere competente.

3. Se, en aplicación do artigo 2.4 da Lei 1/2002, do 21 de febreiro, se producise un cambio de asignación de autoridade competente, recoñecerase a exención condicional previamente acordada.

CAPÍTULO III

Do procedemento de control de concentracións económicas

SECCIÓN 1.^a DA NOTIFICACIÓN

Artigo 54. Notificación de concentración económica.

1. A notificación prevista nos artigos 55 e 56 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, poderase realizar desde que exista proxecto ou acordo de concentración. Para estes efectos, considerarase que existe proxecto ou acordo:

a) Nos supostos de adquisición do control, existe proxecto ou acordo de concentración desde o momento en que os partícipes consintan en realizar a operación que orixine a concentración, e determinen a forma, o prazo e as condicións en que se vaia executar.

Cando os partícipes sexan sociedades, considerarase que o acordo existe cando fose adoptado polo órgano de administración, mesmo cando por aplicación de normas legais ou estatutarias fose necesaria a súa adopción ou ratificación posterior por outro órgano societario.

b) Cando se trate dunha oferta pública de adquisición, sempre que exista acordo do Consello de Administración das oferentes e se anunciase publicamente a súa intención de presentar tal oferta.

c) No caso de fusións de sociedades, entenderase que existe proxecto ou acordo de concentración cando se cumpra o disposto na normativa societaria.

2. A existencia de cláusulas que de calquera modo condicionen a futura formalización ou execución destes acordos non exime do cumprimento do deber de notificar.

3. Se, unha vez notificado o proxecto de concentración e previamente á resolución do expediente, as partes desisten dela, o notificante porá inmediatamente en coñecemento da Dirección de Investigación esta circunstancia, acreditándoa formalmente, á vista do cal o Consello da Comisión Nacional da Competencia poderá acordar, sen máis trámite, o arquivo das actuacións.

Artigo 55. Notificación a través de representante.

1. As partes obrigadas a notificar de acordo co artigo 9 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, poderano facer por si mesmas ou a través de representante debidamente acreditado.

2. Se a notificación a presentase persoa distinta das obrigadas a notificar de acordo co artigo 9 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, ou que careza de representación debidamente acreditada, a Dirección de Investigación ditará resolución de inadmisión a trámite da notificación.

Artigo 56. Forma e contido da notificación.

1. A notificación prevista nos artigos 55 e 56 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, presentárase na Comisión Nacional da Competencia seguindo o modelo oficial de formulario ordinario de notificación que figura como anexo II, ou no modelo oficial de formulario abreviado que figura como anexo III nos supostos previstos no artigo 56 da Lei 15/2007, do 3 de xullo. No caso de notificación conxunta, utilízase un só formulario.

Adicionalmente, o notificante poderá achegar cantas análises, informes ou estudos se levasen a cabo e considere relevantes con relación á concentración.

2. O obrigado a notificar poderá dirixir á Dirección de Investigación un borrador confidencial de formulario de notificación co fin de aclarar os aspectos formais ou substantivos da concentración, sen que iso supoña o devengo da taxa prevista no artigo 23 da Lei 15/2007, do 3 de xullo.

3. Sen prexuízo de que a Dirección de Investigación lle poida requirir ao notificante información adicional en calquera momento do procedemento, entenderase que a recepción en forma da notificación a que se refire o artigo 55.1 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, se produce, en todo caso, cando estean cubertas todas as epígrafes do formulario de notificación.

Sen prexuízo do anterior, logo de solicitude motivada do notificante, a Dirección de Investigación poderá eximir da presentación de determinadas epígrafes ou documentos recollidos no formulario de notificación.

4. Se a notificación non fose presentada en forma, a Dirección de Investigación poderá ditar resolución de inadmisión a trámite da notificación.

5. A Dirección de Investigación comunicarlle ao notificante a data en que se recibiu en forma na Comisión Nacional da Competencia a notificación, así como a data en que vence inicialmente o prazo máximo para resolver en primeira fase.

6. Unha vez recibida en forma a notificación, se a Dirección de Investigación comproba que falta información ou que se debe completar a información contida en calquera das epígrafes do formulario de notificación, requirirá o notificante para que emende esta falta de información nun prazo de dez días. En caso de non se producir a emenda dentro de prazo, considerarase que o notificante desistiu da súa petición, aínda que iso non obsta para que a Dirección de Investigación poida iniciar de oficio o expediente de control de concentracións, de acordo co previsto no artigo 9.5 da Lei 15/2007, do 3 de xullo.

7. O notificante informará inmediatamente a Comisión Nacional da Competencia sobre calquera modificación relevante que poida afectar o contido do formulario da notificación da concentración durante a tramitación do expediente.

8. Conforme o previsto no artigo 37.4 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, a Dirección de Investigación poderá acordar a ampliación do prazo de resolución cando:

a) se presuma que a información achegada polo notificante é enganosa ou falsa, sen prexuízo do disposto no artigo 62 da Lei 15/2007, do 3 de xullo;

b) se produza unha modificación esencial nos feitos contidos na notificación con posterioridade a esta e que o notificante coñecese ou debese ter coñecido, sempre que tal modificación poida ter un efecto significativo sobre a avaliación da concentración;

c) apareza nova información con posterioridade á notificación que o notificante coñecese ou debese ter coñecido, sen prexuízo de que a Comisión Nacional da Competencia fose informada, sempre que esta nova información poida ter un efecto significativo sobre a avaliación da concentración.

Artigo 57. Formulario abreviado de notificación.

1. De acordo co disposto no artigo 56 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, o formulario abreviado de notificación utilízase co fin de notificar concentracións cando se cumpre, entre outros, un dos seguintes supostos:

a) Cando ningunha das partícipes na concentración realice actividades económicas no mesmo mercado xeográfico e de produto de referencia ou en mercados relacionados ascendente ou descendentemente dentro do proceso de produción e comercialización en que opere calquera outra das partícipes na operación.

b) Cando a participación das partes nos mercados, pola súa escasa importancia, non sexa susceptible de afectar significativamente a competencia. Considerarase que existe unha participación de menor importancia cando nunha concentración das definidas no artigo 8 da Lei 15/2007, do 3 de xullo:

1.º As partícipes na concentración non alcancen unha cota conxunta superior ao 15 por cento no mesmo mercado de produto ou servizo no ámbito nacional ou nun mercado xeográfico definido dentro deste, ou no caso de alcanzar unha cota conxunta superior ao 15 por cento e inferior ao 30 por cento, sexa cunha adición de cota non superior ao 2 por cento, e

2.º As partícipes na concentración non alcancen unha cota individual ou conxunta do 25% nun mercado de produto verticalmente relacionado cun mercado de produto en que opere calquera outra parte da concentración no ámbito nacional ou nun mercado xeográfico definido dentro deste.

c) Cando unha parte adquira o control exclusivo dunha ou varias empresas ou partes de empresa sobre as cales xa ten o control conxunto.

d) Cando, tratándose dunha empresa en participación, esta non exerza nin previse exercer actividades dentro do territorio español ou cando esas actividades sexan marxinais. Considerarase que as actividades dunha empresa en participación son marxinais en España cando o seu volume de negocios non supere ou previsiblemente non vaia superar os 6 millóns de euros.

2. A Dirección de Investigación é a competente para requirir do notificante a presentación dun formulario ordinario de acordo co previsto no artigo 56.2 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, entre outros, nos seguintes supostos:

a) Naqueles casos en que é difícil definir os mercados de referencia, os casos en que unha parte sexa un novo operador ou un operador en potencia ou un titular dunha patente importante;

b) Nos casos en que non sexa posible determinar adecuadamente as cotas de mercado das partes;

c) Nos mercados con altas barreiras á entrada, cun alto grao de concentración ou con problemas coñecidos de competencia;

d) Cando, polo menos dúas das partes da concentración, estean presentes en mercados adxacentes estreitamente relacionados;

e) Nas operacións que poidan presentar problemas de coordinación;

f) Cando unha parte adquira o control exclusivo dunha empresa en participación da que xa teña o control conxunto, cando a parte que adquire e a empresa en participación teñan conxuntamente unha posición de mer-

cado forte ou cando a empresa en participación e a parte que adquiere teñan posicións fortes en mercados verticalmente relacionados;

g) cando o formulario abreviado contén información incorrecta ou enganosa.

Artigo 58. *Levantamento da suspensión da execución.*

1. De acordo co establecido no artigo 9.6 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, o notificante poderá solicitar en calquera momento do procedemento, e incluso ao presentar o borrador confidencial de formulario de notificación, o levantamento da suspensión total ou parcial da súa execución.

2. O notificante solicitará o levantamento total ou parcial da suspensión da execución mediante escrito motivado en que exporá os prexuízos que poida causar a suspensión á concentración e, de ser o caso, presentará á Dirección de Investigación compromisos tendentes a eliminar os posibles efectos negativos que a execución da concentración lle puidese causar á competencia efectiva.

3. O levantamento da suspensión da execución será acordado polo Consello da Comisión Nacional da Competencia por proposta da Dirección de Investigación.

Artigo 59. *Consulta previa á notificación.*

1. A consulta a que se refire o artigo 55.2 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, dirixiraa por escrito á Dirección de Investigación calquera das empresas partícipes na concentración.

2. Corresponderalle á Dirección de Investigación a tramitación das consultas previas e ao Consello da Comisión Nacional da Competencia a súa resolución por proposta da Dirección de Investigación.

3. En tal consulta deberáselle facilitar á Dirección de Investigación unha descrición da concentración e das partes que interveñen, do volume de negocios das empresas partícipes no último exercicio contable, de acordo co establecido no artigo 8 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, e toda a información necesaria para determinar os mercados relevantes e as cotas das empresas partícipes neles, de acordo coas seccións 5.^a e 6.^a do modelo oficial de notificación previsto no anexo II.

4. Se a información subministrada fose considerada insuficiente, a Dirección de Investigación poderá requirir as partes para que acheguen a información adicional, con indicación de que, se así non o fixesen, se considerará que desistiron da súa consulta, sen prexuízo do previsto no artigo 9.5 da Lei 15/2007, do 3 de xullo.

5. Naqueles casos en que a consulta formulada non se adecuase ao obxecto establecido no artigo 55.2 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, a Dirección de Investigación ditará resolución da súa inadmisión a trámite.

6. As actuacións a que se refire o artigo 55.2 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, terán carácter confidencial.

Artigo 60. *Taxa por análise e estudo das operacións de concentración.*

1. A taxa autoliquidaraa o suxeito pasivo. O ingreso das autoliquidacións poderase efectuar nas entidades de depósito autorizadas para actuar como entidades colaboradoras na recadación, conforme o disposto no Regulamento xeral de recadación e na Orde do 4 de xuño de 1998, pola que se regulan determinados aspectos da xestión recadatoria das taxas que constitúen dereitos da facenda pública. Alternativamente, o pagamento da taxa poderase realizar por vía telemática.

2. A contía da taxa calcularase conforme o previsto nos puntos 5 e 6 do artigo 23 da Lei 15/2007, do 3 de xullo. Para os efectos do cálculo do volume de negocios global

en España do conxunto de partícipes terase en conta o último exercicio contable e calcularase conforme o previsto no artigo 5 do presente regulamento.

3. Cando se ingresase unha cota tributaria inferior á que se debería ingresar de acordo co punto 3 do presente artigo, o notificante está obrigado a realizar a correspondente liquidación complementaria.

4. Tamén está obrigado o notificante a realizar a liquidación complementaria correspondente cando presentase o formulario de notificación abreviado e a Dirección de Investigación lle exixise a presentación do formulario ordinario, de acordo co previsto no artigo 57.2 deste regulamento.

5. De acordo coa normativa sobre taxas, unha vez elaborado o informe en primeira fase a que se refire o artigo 57 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, devolveranse, logo de solicitude do notificante, as cantidades ingresadas pola taxa cando:

a) A operación notificada non sexa unha concentración das previstas no artigo 7 da Lei 15/2007, do 3 de xullo,

b) tratándose dunha concentración das previstas no artigo 7 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, non cumpra os requisitos de notificación obrigatoria previstos no artigo 8 da mencionada lei,

c) se trate dunha concentración que España decidise remitir á Comisión Europea de acordo co artigo 22 do Regulamento (CE) n.º 139/2004, do Consello, do 20 de xaneiro de 2004, sobre o control das concentracións entre empresas.

SECCIÓN 2.^a DO PROCEDIMENTO

Artigo 61. *Confidencialidade do expediente.*

1. De acordo co artigo 27.2 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, o feito da iniciación dun expediente de control de concentracións será público, en particular, a data de presentación da notificación, os nomes das empresas partícipes, o sector económico afectado e unha descrición sumaria da operación.

2. Sen prexuízo do previsto na epígrafe anterior, as actuacións que en relación coa notificación leve a cabo a Dirección de Investigación terán carácter confidencial até a resolución do Consello da Comisión Nacional da Competencia tanto en primeira como en segunda fase.

3. Recaída a resolución do Consello da Comisión Nacional da Competencia en primeira ou en segunda fase, notificaránselle a resolución e o informe previsto nos artigos 57 e 58 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, ao notificante para que, no prazo de cinco días, poida solicitar motivadamente á Dirección de Investigación a declaración de confidencialidade dos contidos que considere confidenciais. Unha vez recibida a solicitude de declaración de confidencialidade, a Dirección de Investigación resolverá sobre esta no prazo de dez días.

4. Se o notificante non tivese solicitado a declaración de confidencialidade dentro do prazo de cinco días mencionado, entenderase que non hai contidos confidenciais e poderanse publicar inmediatamente na súa totalidade a resolución e o informe correspondentes.

Artigo 62. *Procedemento na primeira fase.*

1. Recibida en forma a notificación ou de oficio, de acordo co previsto no artigo 9.5 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, a Dirección de Investigación iniciará o procedemento de control de concentracións, formará expediente e procederá á análise da concentración, elevando ao Consello da Comisión Nacional da Competencia un informe e unha proposta de resolución baseada no informe, expresando o seu criterio sobre se a concentración notificada

pode obstaculizar o mantemento da competencia efectiva en todo ou parte do mercado nacional. De acordo co disposto no artigo 57.2 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, o Consello da Comisión Nacional da Competencia ditará resolución en primeira fase.

2. Cando a operación analizada non reúna os requisitos previstos nos artigos 7 e 8 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, logo de informe da Dirección de Investigación, o Consello da Comisión Nacional da Competencia poderá resolver sobre se a operación debe ser tratada como un acordo de empresas suxeito ás normas sobre acordos e prácticas restritivas ou abusivas da Lei 15/2007, do 3 de xullo.

Artigo 63. *Informe dos reguladores sectoriais.*

1. Para os efectos do artigo 17.2.c) da Lei 15/2007, do 3 de xullo, a Dirección de Investigación solicitaralle informe ao regulador sectorial, ao que se lle xuntará unha copia da notificación presentada.

2. Na solicitude de informe fixarase un prazo para a emisión deste polo regulador sectorial. Transcorrido ese prazo, a Dirección de Investigación poderá acordar levantar a suspensión do prazo, sen prexuízo do previsto no artigo 37.2.d) da Lei 15/2007, do 3 de xullo.

Artigo 64. *Aplicación do Regulamento (CE) n.º 139/2004, do Consello, do 20 de xaneiro de 2004, sobre o control das concentracións entre empresas.*

Cando a Comisión Europea remita unha concentración de acordo co artigo 4.4 ou co artigo 9 do Regulamento (CE) n.º 139/2004 do Consello, do 20 de xaneiro de 2004, sobre o control das concentracións entre empresas, os obrigados legalmente a notificar deberán presentar ante a Comisión Nacional da Competencia o formulario de notificación, de acordo coa Lei 15/2007, do 3 de xullo, e este regulamento. A Dirección de Investigación iniciará o procedemento de control de concentracións, formará expediente e procederá á súa tramitación de acordo co previsto na Lei 15/2007, do 3 de xullo, e a súa normativa de desenvolvemento.

Artigo 65. *Instrución do procedemento na segunda fase.*

1. Unha vez que se acorde o Consello da Comisión Nacional da Competencia iniciar a segunda fase do procedemento, a nota sucinta a que fai referencia o artigo 58.1 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, seralle comunicada ao notificante co obxecto de que este manifeste por escrito, no prazo máximo de dous días, os extremos da información contida na nota que, ao seu xuízo e de ser o caso, se deban manter confidenciais. Transcorrido ese prazo, a Dirección de Investigación decidirá o contido definitivo da nota sucinta para efectos da súa publicación e posta en coñecemento das persoas físicas ou xurídicas que poidan resultar afectadas e do Consello de Consumidores e Usuarios.

2. A nota sucinta será publicada na páxina web da Comisión Nacional da Competencia, co obxecto de que calquera afectado poida achegar información nun prazo de dez días.

3. Cando a concentración incida de forma significativa no territorio dunha comunidade autónoma, a Dirección de Investigación notificaralle ao órgano autonómico respectivo a nota sucinta xunto con copia da notificación presentada, así como o informe elaborado pola Dirección de Investigación, para que remita nun prazo de vinte días informe preceptivo, non vinculante. Esta solicitude de informe preceptivo seralles notificada aos interesados,

para os efectos do artigo 37.1 da Lei 15/2007, do 3 de xullo.

4. De acordo co disposto no artigo 58.2 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, a Dirección de Investigación elaborará un prego de concreción de feitos que, logo de comunicación ao Consello da Comisión Nacional da Competencia, lles será notificado aos interesados.

Artigo 66. *Solicitude de condición de interesado.*

1. De acordo co previsto no artigo 58.1 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, as persoas físicas ou xurídicas que poidan resultar afectadas só poderán solicitar a súa condición de interesadas unha vez iniciada a segunda fase do procedemento de control de concentracións económicas.

2. Na nota sucinta concederese un prazo de dez días dentro do cal se poderá solicitar a condición de interesado no procedemento e, de ser o caso, presentar alegacións, de acordo co previsto no artigo 58.1 da Lei 15/2007, do 3 de xullo.

3. O Consello da Comisión Nacional da Competencia, valorando o dereito subxectivo ou interese lexítimo acreditado, decidirá sobre as solicitudes de condición de interesado, aceptándoas ou denegándoas de forma motivada, nun prazo de dez días. Para tal efecto, non se considerarán interesadas as persoas físicas ou xurídicas afectadas polo mero feito de que se lles remitise a nota sucinta.

4. As persoas físicas ou xurídicas que solicitasen a condición de interesadas no prazo sinalado na nota sucinta, unha vez aceptada a solicitude polo Consello da Comisión Nacional da Competencia, terán intervención plena nos distintos trámites do procedemento, nos termos establecidos na Lei 15/2007, do 3 de xullo, e neste regulamento.

5. O exercicio dos dereitos que lles corresponde ás partes declaradas interesadas en ningún caso poderá alterar o normal desenvolvemento do procedemento, nin supor dilación nos prazos, nin retroacción dos trámites xa vencidos.

Artigo 67. *Vista do expediente e alegacións.*

1. De acordo co disposto no artigo 58.2 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, tras a notificación do prego de concreción de feitos aos interesados, estes poderán solicitar á Dirección de Investigación tomar vista do expediente, unha vez depurados os seus aspectos confidenciais e, de ser o caso, formular alegacións nun prazo de dez días.

2. No caso de que das alegacións remitidas xurdan novos elementos de xuízo que a Dirección de Investigación considere necesario contrastar, esta poderalle conceder ao notificante ou ao resto de interesados un novo prazo para que remitan as súas observacións ao respecto.

3. Vencidos os prazos para remitir as alegacións a que fan referencia os puntos 1 e 2 do presente artigo, entenderase concluído o trámite de audiencia, salvo que o notificante solicite a realización da vista oral prevista no artigo 58.3 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, e elevarase a proposta de resolución ao Consello da Comisión Nacional da Competencia.

4. A Dirección de Investigación non terá en conta no seu informe as alegacións presentadas fóra dos prazos a que fan referencia os puntos 1 e 2 do presente artigo. En todo caso, estas alegacións serán incorporadas ao expediente, indicándose expresamente que se presentaron fóra de prazo.

Artigo 68. Vista oral.

1. O notificante poderalle solicitar ao Consello da Comisión Nacional da Competencia a realización dunha vista conforme o artigo 58.3 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, en calquera momento até doce días despois de ser notificado o prego de concreción de feitos. Nesa solicitude deberase conter a información a que fai referencia o artigo 19.1 deste regulamento.

2. O Consello da Comisión Nacional da Competencia notificaralles ao resto de interesados a solicitude de vista do notificante ou a súa consideración de celebrar vista para a análise ou o axuízamento das pretensións obxecto do expediente, co obxecto de que poidan manifestar, no prazo que se lles indique, a súa vontade de asistir e, en tal caso, achegar a información a que fai referencia o artigo 19.1 deste regulamento.

3. O Consello da Comisión Nacional de Competencia comunicaralles aos interesados que solicitasen asistir á vista oral a data e a hora da súa realización.

4. De ser o caso, unha vez celebrada a vista, entenderase concluído o trámite de audiencia, e elevarase a proposta de resolución ao Consello da Comisión Nacional da Competencia.

Artigo 69. Presentación de compromisos en primeira e en segunda fase.

1. De acordo co previsto no artigo 59 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, o notificante poderá presentar compromisos ante a Dirección de Investigación:

a) En primeira fase, nun prazo de até vinte días contado desde a notificación en forma da concentración á Comisión Nacional da Competencia.

b) En segunda fase, nun prazo de até trinta e cinco días contado desde o acordo do Consello da Comisión Nacional da Competencia de inicio da segunda fase do procedemento.

2. Cando se ofrezan compromisos, o notificante indicará motivadamente, ao tempo da súa presentación, calquera información que teña carácter confidencial e proporcionará por separado unha versión non confidencial destes.

3. A Dirección de Investigación trasladará a proposta de compromisos do notificante ao Consello da Comisión Nacional da Competencia para o seu coñecemento.

4. A Dirección de Investigación examinará os compromisos presentados polo notificante e poderá solicitar a súa modificación cando considere que son insuficientes para eliminar os posibles obstáculos á competencia que poidan derivar da operación.

5. Os compromisos presentados en primeira fase só poderán ser aceptados cando o problema de competencia detectado sexa claramente identificable e poida ser facilmente remediado.

6. O notificante deberá presentar as propostas de modificación de compromisos dentro dos prazos indicados no punto 1 do presente artigo. Transcorridos eses prazos, a Dirección de Investigación non está obrigada a considerar os compromisos propostos ou as súas modificacións.

7. A proposta de compromisos definitiva do notificante quedará recollida na proposta de resolución da Dirección de Investigación para se someter á valoración do Consello da Comisión Nacional de Competencia.

Artigo 70. Intervención do Consello de Ministros.

1. Unha vez notificada a resolución do Consello da Comisión Nacional da Competencia ao ministro de Economía e Facenda de acordo co punto 6 do artigo 58 da Lei

15/2007, do 3 de xullo, por requirimento do ministro de Economía e Facenda, o secretario do Consello da Comisión Nacional da Competencia daralle traslado de copia do expediente.

2. Para os efectos do artigo 60.3.b) da Lei 15/2007, do 3 de xullo, o Consello de Ministros, a través do ministro de Economía e Facenda, poderá solicitar informe á Comisión Nacional da Competencia, que o deberá emitir no prazo de dez días.

Artigo 71. Vixilancia das obrigas, resolucións e acordos.

1. De acordo co establecido no artigo 41 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, a Dirección de Investigación levará a cabo as actuacións necesarias para vixiar a execución e o cumprimento das obrigas previstas na mencionada lei e nas súas normas de desenvolvemento, así como das resolucións e acordos que se adopten en aplicación dela en materia de control de concentracións.

2. No caso de que as obrigas impostas deriven dun acordo do Consello de Ministros, este acordo especificará o órgano administrativo que, de acordo coas atribucións que lle sexan propias, deba ser o responsable da vixilancia.

3. O Consello da Comisión Nacional da Competencia resolverá as cuestións que se poidan suscitar durante a vixilancia, logo de proposta da Dirección de Investigación. En todo caso, o Consello da Comisión Nacional da Competencia resolverá declarando finalizada a vixilancia.

4. Considerarase interesado na vixilancia o responsable do cumprimento da obriga disposta na Lei 15/2007, do 3 de xullo, ou as súas normas de desenvolvemento, resolución ou acordo en materia de control de concentracións sobre a que se estea levando a cabo a vixilancia.

CAPÍTULO IV**Do procedemento arbitral****Artigo 72. Función arbitral, principios e normas xerais.**

1. En aplicación do artigo 24.f) da Lei 15/2007, do 3 de xullo, a Comisión Nacional da Competencia desempeñará as funcións de arbitraje institucional, tanto de dereito como de equidade, que lle encomenden as leis e as que lle sexan sometidas polos operadores económicos en aplicación da Lei 60/2003, do 23 de decembro, de arbitraje.

2. Os conselleiros e o persoal da Comisión Nacional da Competencia non se poderán abster nin ser obxecto de recusación nas arbitaxes polo mero feito de ter instruído ou resolto procedementos en aplicación da normativa de defensa da competencia que afecten unha ou varias partes da arbitaxe, de acordo co previsto no artigo 17 da Lei 60/2003, do 23 de decembro.

3. Corresponderalle ao Consello da Comisión Nacional da Competencia decidir sobre a competencia desta en materia de arbitraje. En todo caso, estará facultado para rexeitar a competencia da Comisión Nacional da Competencia por razóns de interese público suficiente.

4. O lugar da arbitaxe será a sede da Comisión Nacional da Competencia. O idioma da arbitaxe ante a Comisión Nacional da Competencia será o castelán.

5. No non previsto neste regulamento aplicarase supletoriamente a Lei 60/2003, do 23 de decembro, excepto no relativo ao cómputo de prazos.

Artigo 73. Submisión á arbitaxe.

1. A submisión á arbitaxe da Comisión Nacional da Competencia poderase realizar mediante convenio arbitral das partes ou a través de declaración individual subscrita por unha parte en aplicación de compromisos ou

condicións establecidos en resolucións que puxesen fin a procedementos en materia de defensa da competencia.

2. A declaración individual deberá ser por escrito e depositarse na Dirección de Investigación. Esta declaración deberá conter, como mínimo, os datos de identificación da parte e declaración expresa en que conste a súa vontade inequívoca de someter determinada ou determinadas controversias á arbitrase da Comisión Nacional da Competencia e de aceptar o seu laudo.

3. A declaración individual non producirá os efectos dunha submisión arbitral até que a outra parte coa que se teña unha controversia deposite na Dirección de Investigación unha declaración individual cumprindo os mesmos requisitos recollidos na epígrafe anterior.

Artigo 74. *Tramitación das actuacións arbitrais.*

1. A tramitación das actuacións arbitrais previas ao laudo arbitral levaraa a cabo a Dirección de Investigación, a cal elaborará un informe en que se incluírá a proposta de laudo arbitral, que remitirá ao Consello da Comisión Nacional da Competencia.

2. O Consello da Comisión Nacional da Competencia poderá adoptar, de oficio ou por instancia de parte, por proposta ou logo de informe da Dirección de Investigación, as medidas cautelares que coide necesarias. Para adoptar, suspender, modificar, revogar e cesar as medidas cautelares adoptadas aplicarase o disposto no artigo 41 do presente regulamento.

3. Contra os actos de trámite do procedemento arbitral non caberá ningún recurso ante o Consello da Comisión Nacional da Competencia nin ante os órganos xurisdiccionais.

Artigo 75. *Prazo máximo do procedemento.*

O prazo máximo para ditar e notificar o laudo arbitral que poña fin ao procedemento será de tres meses contado desde a data de inicio da arbitrase, sen prexuízo das facultades de suspensión ou ampliación de prazo previstas no artigo 37 da Lei 15/2007, do 3 de xullo. O transcurso do prazo máximo sen que se ditase laudo determinará a terminación das actuacións arbitrais.

Artigo 76. *Laudo arbitral.*

O Consello da Comisión Nacional da Competencia ditará o laudo arbitral de acordo coas normas relativas ao seu réxime de funcionamento.

Artigo 77. *Terminación convencional da arbitrase.*

Se no transcurso do procedemento arbitral as partes chegan a un acordo que poña fin total ou parcialmente á controversia, o Consello da Comisión Nacional da Competencia, por proposta ou logo de informe da Dirección da Investigación, dará por terminadas as actuacións con respecto aos puntos acordados, e se ambas as partes o solicitan e o Consello da Comisión Nacional da Competencia non aprecia motivo para se opor, fará constar ese acordo en forma de laudo.

Artigo 78. *Gastos.*

As arbitrases a que se refire este capítulo serán gratúas, exceptuados os gastos xerados pola práctica das probas, cuxo pagamento corresponderá, salvo acordo expreso das partes, á parte que as propuxo. Os gastos derivados das probas practicadas de oficio satisfaranse por partes iguais.

CAPÍTULO V

Do procedemento de aprobación de comunicacións

Artigo 79. *Comunicacións da Comisión Nacional da Competencia.*

1. As comunicacións ditadas pola Comisión Nacional da Competencia elaboraranse por orde do seu presidente, que solicitará a emisión dun informe pola Dirección de Investigación e, cando o coide conveniente, por outros servizos técnicos da Comisión Nacional da Competencia.

2. Cando as comunicacións afecten a aplicación dos artigos 1 a 3 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, o Consello de Defensa da Competencia poderá dirixir proposta ao presidente da Comisión Nacional da Competencia para que este ordene a súa elaboración. En todo caso, as comunicacións referentes aos artigos 1 a 3 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, publicaranse oído o Consello de Defensa da Competencia.

3. Cando a natureza da comunicación o requira, o presidente da Comisión Nacional da Competencia acordará un período de información ou consulta pública a través da páxina web da Comisión Nacional da Competencia.

4. As comunicacións da Comisión Nacional de Competencia serán publicadas na páxina web da Comisión Nacional da Competencia e no «Boletín Oficial del Estado».

Disposición adicional única. *Referencias á Comisión Nacional da Competencia e aos seus órganos de dirección.*

As referencias contidas neste regulamento á Comisión Nacional da Competencia e aos seus órganos de dirección relativas a funcións, potestades administrativas e procedementos, entenderanse tamén realizadas aos órganos de instrución e resolución correspondentes das comunidades autónomas con competencia na materia de acordo co disposto na Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia.

Disposición transitoria primeira. *Tramitación dos procedementos incoados tras a entrada en vigor da Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia.*

As disposicións deste regulamento serán de aplicación aos procedementos sancionadores en materia de condutas prohibidas incoados despois da entrada en vigor da Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia, e aos procedementos de control de concentracións iniciados despois da súa entrada en vigor.

Disposición transitoria segunda. *Vixilancia de acordos do Consello de Ministros adoptados conforme a Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia.*

Tras a entrada en vigor da Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia, a Dirección de Investigación vixiará a execución e o cumprimento dos acordos do Consello de Ministros que fosen adoptados en aplicación do artigo 17 da Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia. En todo caso, a Dirección de Investigación será a competente para resolver declarando finalizada a vixilancia de tales acordos do Consello de Ministros.

En caso de que se constatase o incumprimento do ordenado nos citados acordos do Consello de Ministros, a Dirección de Investigación será a competente, logo de audiencia aos interesados, para lle recomendar ao Goberno a imposición das multas previstas nos puntos 3 e 4 do artigo 18 da Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa

da competencia, sen prexuízo da adopción doutras medidas de execución forzosa previstas no ordenamento.

Disposición transitoria terceira. *Autorizacións singulares concedidas conforme a Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia.*

As autorizacións singulares concedidas ao abeiro da Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia, cuxo prazo non vence no momento da entrada en vigor deste regulamento, quedarán extinguidas, sen prexuízo de que os acordos non se consideran prohibidos mentres cumpran as condicións previstas no punto 3 do artigo 1 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, sen decisión administrativa expresa ao respecto e baixo a avaliación das propias empresas.

ANEXO I

Contido da denuncia

1. Identificación das partes.

1.1 Denunciante.

1.1.1 Denominación ou razón social completa, número de identificación fiscal ou número de identidade estranxeiro, domicilio, teléfono e fax. Persoa de contacto e número de fax. No caso de denuncias presentadas por empresarios individuais ou sociedades sen personalidade xurídica que operen baixo un nome comercial, identifíquense, así mesmo, os propietarios ou socios, indicando os seus nomes, apelidos e enderezo.

1.1.2 Sucinta descrición da empresa ou asociación de empresas que presentan a denuncia, incluíndo o seu obxecto social e o ámbito territorial en que opera.

1.1.3 No caso de denuncias presentadas en nome dun terceiro ou por máis dunha persoa, identifíquese o representante (ou o mandatario común) e xúntese copia do poder de representación.

1.2 Denunciados.

1.2.1 Denominación ou razón social completa, número de identificación fiscal ou número de identidade estranxeiro, domicilio e, de ser o caso, número de teléfono e fax.

1.2.2 Sucinta descrición das empresas.

1.2.3 Forma e alcance da participación dos denunciados na práctica denunciada.

2. Obxecto da denuncia.

Descrición detallada dos feitos de que deriva a existencia dunha infracción das normas españolas e/ou comunitarias de competencia, sinalando:

2.1 Qué prácticas das empresas ou as asociacións de empresas denunciadas teñen por obxecto, producen ou poden producir o efecto de impedir, restrinxir ou falsear a competencia en todo ou en parte do mercado nacional ou do mercado europeo.

2.2 En que medida as prácticas denunciadas afectan as condicións de competencia no mercado relevante e en que medida afectan os intereses dos denunciante.

2.3 Cales son os produtos ou servizos e os mercados xeográficos afectados polas prácticas denunciadas.

2.4 Se existe algunha regulación particular que afecte as condicións de competencia nos mercados afectados.

2.5 Se existe algún amparo legal para tal práctica.

2.6 Cales son os preceptos infrinxidos pola práctica denunciada.

2.7 Se se solicita a adopción de medidas cautelares, como poden estas asegurar a eficacia da resolución que no seu momento se dite e cales son os riscos derivados de que se adopten e de que non se concedan para o fun-

cionamiento do mercado e para os intereses dos denunciante.

2.8 Se se solicita o tratamento confidencial de parte da información, delimítase o alcance da confidencialidade, tendo en conta que ninguén pode ser condenado por probas que non lle sexan postas de manifesto, e xúntese unha versión non confidencial dos documentos en que conste tal información.

3. Datos relativos ao mercado.

3.1 Natureza dos bens ou servizos afectados pola práctica denunciada, con mención, de ser o caso, do código da nomenclatura combinada española (nove cifras) ou do código de clasificación nacional de actividades económicas (CNAE) no caso de servizos.

3.2 Estrutura do ou dos mercados destes bens ou servizos: ámbito xeográfico, oferentes e demandantes, cotas de mercado, grao de competencia existente nel, existencia de produtos substitutivos, dificultades de acceso ao mercado que poidan encontrar novos competidores, existencia de lexislación que afecte as condicións de competencia no mercado, así como calquera outro dato ou información relativa ao mercado que poida ser relevante para efectos do eventual procedemento sancionador.

4. Existencia de interese lexítimo.

Motivos polos que o denunciante considera que cumpre as condicións previstas no artigo 31 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, para ser considerado interesado no eventual expediente sancionador que se poida chegar a incoar.

5. Probas.

5.1 Identificación e enderezo das persoas ou institucións que poidan testemuñar ou certificar os feitos expostos, en particular as das persoas afectadas pola presunta infracción.

5.2 Documentos referentes aos feitos expostos ou que teñan unha relación directa con eles (textos de acordos, condicións de transacción, documentos comerciais, circulares, publicidade, actas de negociacións ou asembleas, etc.). Dos documentos que conteñan información que deba ser considerada confidencial, xúntense os orixinais completos en peza separada, así como copia censurada de tal modo que esta poida ser incorporada ao expediente.

5.3 Estatísticas ou outros datos que se refiran aos feitos expostos (relativas, por exemplo, á evolución e formación dos prezos, ás condicións de oferta ou de venda, ás condicións usuais das transaccións, ou á existencia de boicot ou discriminación).

5.4 Características técnicas da produción, vendas, necesidade de licenzas, existencia doutras barreiras de entrada no mercado, e achegándose ou, de ser o caso, citándose, as referencias útiles de estudos sectoriais ou de mercado e de aplicación das normas de competencia, incluso de dereito comparado, en casos similares ou próximos.

5.5 Existencia de calquera outra proba da infracción, con indicación da forma de actuación necesaria para que poida ser achegada.

6. Accións adoptadas.

Descrición das xestións efectuadas e das accións iniciadas con anterioridade á denuncia, co fin de facer cesar a presunta infracción ou os seus efectos prexudiciais sobre as condicións de competencia. Remítase a información de todas as xestións e accións de que se teña coñecemento, incluso das realizadas por calquera outro afectado pola conduta obxecto da denuncia ou por condutas

similares. Precísense os procedementos administrativos ou xudiciais e, de ser o caso, a identificación dos asuntos e os resultados dos procedementos.

7. Outras informacións.

Remisión de calquera outra información dispoñible que podería permitir aos órganos de defensa da competencia apreciar a existencia de prácticas prohibidas e os remedios máis eficaces para restaurar as condicións de competencia.

ANEXO II

Formulario ordinario de notificación das concentracións económicas

1. Como notificar.

O formulario de notificación débese dirixir á Comisión Nacional da Competencia (en diante CNC). Con independencia do rexistro en que se presente a notificación, o inicio do cómputo dos prazos do procedemento de control de concentracións non se produce até a entrada en forma da notificación no rexistro da CNC.

O formulario de notificación e os seus documentos anexos débense presentar cunha copia en papel e outra en formato electrónico.

Este formulario de notificación componse de:

a) Unha folla de encabezamento en que se indicará a identidade do notificante (ou do seu representante), a identidade dos outros partícipes, a natureza da operación, unha descrición sumaria desta, o sector económico, a solicitude de confidencialidade e, de ser o caso, de levantamento da suspensión da execución da operación, así como lugar, data e sinaturas dos notificantes.

b) As informacións requiridas nas seccións 1 a 8 que se deben facilitar pola súa orde en folla á parte e con mención do número marxinal de referencia.

2. Solicitude de confidencialidade.

O notificante indicará na folla de encabezamento da notificación, de forma motivada, as informacións que se deban tratar confidencialmente respecto a terceiros ou, de ser o caso, respecto a algún dos partícipes na operación. Así mesmo, de acordo co disposto no artigo 20 do presente regulamento, deberá presentar unha versión non confidencial da notificación.

SECCIÓN 0. FOLLA DE ENCABEZAMENTO

Notificante:

Representante (se procede):

Outros partícipes:

Tipo de operación:

Sector económico (Código NACE):

Solicita:

1. Que esta notificación sexa considerada para os efectos recollidos no artigo 55 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia.

2. Que a información contida nas seccións... e nos anexos... desta notificación sexa tratada confidencialmente respecto de terceiros e se manteña secreta, de acordo co establecido no artigo 42 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, por ser contidos confidenciais das empresas que participan na concentración.

3. De ser o caso, o levantamento da obriga de suspensión da execución da concentración notificado, conforme o disposto no artigo 9 da Lei 15/2007, do 3 de xullo.

Quen abaixo asina declara que as informacións que se proporcionan no presente formulario e os seus anexos

son certas, que as opinións son veraces e que as estimacións se realizaron de boa fe.

Lugar, data e sinatura/s do notificante ou do representante.

SECCIÓN 1.^a INFORMACIÓN SOBRE AS PARTES

1.1 Información sobre a parte ou partes que notifican. Facilite os seguintes datos:

1.1.1 Denominación ou razón social completa.

No caso de persoas físicas ou sociedades sen personalidade xurídica que operen baixo un nome comercial, indíquense os nomes e apelidos da persoa ou persoas, ou a denominación da sociedade.

1.1.2 Domicilio social e número de identificación fiscal ou código de identificación.

1.1.3 Natureza das actividades da empresa.

1.1.4 Nome e apelidos da persoa de contacto, cargo na empresa, enderezo, número de teléfono, fax e enderezo de correo electrónico.

1.1.5 Enderezo do notificante (ou de cada un dos notificantes) a que se poidan enviar documentos e, en especial, resolucións e decisións da Comisión Nacional de Competencia. Nome, apelidos, número de teléfono, fax e enderezo de correo electrónico dunha persoa autorizada para recibir os documentos nese enderezo.

1.2 Información sobre as outras partícipes na operación de concentración.

1.2.1 Denominación ou razón social completa.

No caso de adquisición dunha parte dunha ou máis empresas sen personalidade xurídica propia, identifíquese co seu nome comercial así como a razón social dos vendedores.

1.2.2 Domicilio social e número de identificación fiscal ou código de identificación.

1.2.3 Natureza das actividades da empresa.

1.2.4 Nome e apelidos da persoa de contacto, cargo na empresa, enderezo, número de teléfono, fax e enderezo de correo electrónico.

1.2.5 Enderezo doutro partícipe na concentración (ou doutros partícipes) a que se poidan enviar documentos e, en especial, resolucións e decisións da Comisión Nacional de Competencia. Nome, apelidos, número de teléfono, fax e enderezo de correo electrónico dunha persoa autorizada para recibir os documentos nese enderezo.

1.3 Notificación efectuada por representante.

A notificación realizada por representante deberá ir acompañada do documento que acredite a representación ou fotocopia compulsada del con tradución xurada se ese poder está redactado en lingua non oficial do Estado español. Na acreditación deberá constar o nome, apelidos e o cargo das persoas que conceden tal acreditación.

Indíquese:

1.3.1 Nome das persoas ou entidades designadas representantes.

1.3.2 Domicilio social e número de identificación fiscal ou código de identificación.

1.3.3 Persoa con quen se pode establecer contacto. Enderezo, número de teléfono, fax e enderezo de correo electrónico.

1.3.4 Enderezo do representante (en Madrid, a ser posible) para o envío de correspondencia e a entrega de documentos.

SECCIÓN 2.^a NATUREZA, CARACTERÍSTICAS E DIMENSIÓN DA OPERACIÓN DE CONCENTRACIÓN

2.1 Descrición da natureza da operación.

Descríbase de forma sucinta a operación de concentración, indicando, entre outras cousas:

2.1.1 Se a concentración constitúe:

- a) Unha fusión entre sociedades anteriormente independentes.
- b) Unha adquisición de activos.
- c) Unha adquisición de participacións de calquera tipo que permita alcanzar o control exclusivo ou conxunto doutra empresa.
- d) A creación dunha empresa en participación con plenas funcións no sentido do artigo 7 da Lei 15/2007, do 3 de xullo.
- e) Un contrato ou calquera outro medio que confira un control directo ou indirecto conforme o previsto no artigo 7 da Lei 15/2007, do 3 de xullo.

2.1.2 Se se ven afectadas pola operación a totalidade ou partes das empresas partícipes.

2.1.3 Se unha das partes presenta unha oferta pública de adquisición doutra, indíquese se esta operación conta coa aprobación do órgano de administración desta última.

2.2 Elementos económicos e financeiros da operación.

Explique, brevemente, os pormenores económicos e financeiros da operación, indicando en particular, cando proceda:

2.2.1 Os activos ou valores e a contía e forma da contraprestación (por exemplo, fondos que se percibirán ou obrigas) ofrecida ou convida.

2.2.2 As condicións de calquera oferta de valores efectuada.

2.2.3 Se algunha ou algunhas das partes na operación conta para a súa realización con apoio financeiro, de carácter público ou non, farase constar tal extremo, especificando a natureza e contía de tal apoio.

2.2.4 A estrutura da propiedade e de control tras a realización da operación.

2.2.5 O calendario da operación, con especial referencia á data en que se alcanzou o proxecto ou acordo de concentración e á data prevista ou proposta dos acontecementos que dean lugar á execución da operación.

2.2.6 Indíquese a lóxica económica da operación notificada.

2.3 Volume de negocios das partícipes.

A parte notificante deberá indicar os seguintes datos referidos a todas as partícipes na operación de concentración durante o último exercicio económico, conforme o disposto no artigo 5 deste regulamento.

2.3.1 Volume de negocios mundial.

2.3.2 Volume de negocios na Unión Europea.

2.3.3 Volume de negocios en España.

2.4. Sinálese por que a concentración notificada non entra no ámbito de aplicación do Regulamento (CE) n.º 139/2004, do Consello, do 20 de xaneiro de 2004, sobre o control das concentracións entre empresas.

2.5 Indíquese en que outros países e en que data se notificou ou se proxecta notificar a concentración.

SECCIÓN 3.^a RESTRICIÓN ACCESORIAS

3.1 Indíquese se existen restricións á competencia que se consideran accesorias á operación de concentración notificada no acordo que dá lugar a esta.

3.2 No caso de que a contestación ao punto 3.1 sexa afirmativa indique se esas restricións consisten en:

3.2.1 Acordos ou cláusulas de non-competencia.

3.2.2 Acordos ou cláusulas de non-captación de recursos humanos ou doutro tipo.

3.2.3 Acordos ou cláusulas de confidencialidade.

3.2.4 Obrigas de compra ou de subministración.

3.2.5 Acordos de licenza.

3.2.6 Outros acordos ou cláusulas que poidan ser valorados como restricións á competencia.

3.3 Para cada un dos puntos do punto 3.2 en que a resposta sexa afirmativa, indique:

3.3.1 Duración do acordo, cláusula ou obriga.

3.3.2 Contido do acordo, cláusula ou obriga.

3.3.3 Xustificación de que tales acordos, cláusulas ou obrigas deban ser tratados como unha restrición accesorias á operación de concentración notificada.

SECCIÓN 4.^a PROPIEDAD E CONTROL PREVIOS

Para cada unha das partícipes que interveñen na concentración facilite unha relación completa de todas as empresas pertencentes ao mesmo grupo que operen en calquera dos mercados afectados, con indicación da súa sede.

Para efectos da pertenza a un grupo, a relación de control entenderase de acordo co artigo 7.2 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, e co establecido na sección 2.^a do presente formulario, relativa á natureza e características da operación de concentración.

En particular, a lista deberá incluír unha relación completa de:

4.1 Todas as empresas ou persoas baixo cuxo control, directo ou indirecto, se encontren cada unha das partícipes;

4.2 Todas as empresas que operen en calquera dos mercados relevantes controladas directa ou indirectamente:

a) polas partícipes;

b) por calquera outra das empresas mencionadas no punto 4.1.

Especifique a natureza e os medios de control con respecto a cada empresa ou persoa que figure na lista.

Á información consignada nesta sección pódense xuntar organigramas ou diagramas de organización para ilustrar a estrutura de propiedade e control das empresas.

Con respecto ás partícipes da concentración e a cada unha das empresas ou persoas indicadas en resposta á sección 4.1, facilite:

4.3 Unha relación completa de calquera outra empresa que opere nos mercados relevantes (definidos na sección 5.^a do presente formulario) en que as empresas ou persoas do grupo posúan, individual ou colectivamente, o 10% ou máis dos dereitos de voto, do capital emitido en accións ou doutros títulos.

En cada caso indique quen é o titular e a porcentaxe que posúe.

4.4 Con respecto a cada empresa, unha relación dos membros dos seus consellos de administración que o sexan tamén dos consellos de administración ou de vixilancia de calquera outra empresa que opere nos mercados afectados; e, se procede, con respecto a cada empresa, unha relación dos membros dos seus consellos de vixilancia que tamén o sexan dos consellos de administración de calquera outra empresa que opere nos mercados afectados.

En cada caso, indique o nome da outra empresa e o cargo de que se trate.

4.5 Datos pormenorizados das adquisicións de empresas que operen nos mercados afectados, tal e como se definen na sección 5.^a, realizadas polos grupos indicados na sección 4.1 nos últimos tres anos.

Para unha mellor comprensión, pódense ilustrar os datos achegados nesta sección con organigramas ou diagramas de organización.

SECCIÓN 5.^a DEFINIÇÃO DE MERCADOS

Con respecto a cada unha das empresas partícipes indicaranse:

5.1 Os sectores económicos en que operan, sinalando o seu código NACE de catro cifras, con indicación das asociacións sectoriais existentes.

5.2 Os bens ou servizos comercializados por cada unha das empresas partícipes na operación de concentración, agrupándoos por categorías comerciais significativas e, de ser o caso, as variacións na carteira de produtos ou servizos que se prevexan na operación de concentración.

5.3 Delimitación dos mercados.

O notificante debe delimitar os mercados tomando en consideración os puntos seguintes:

5.3.1 Mercados de produto.

Un mercado de produto comprende a totalidade dos produtos e servizos que os consumidores consideran intercambiáveis ou substituíbles en razón das súas características, físicas e técnicas, nivel de prezo, o uso que se prevé facer deles, sistema de distribución ou definicións legais ou regulamentarias do produto.

Para a definición dos mercados de produto cómpre ter en conta a posible existencia de produtos e servizos substitutivos dos que as partes da operación ofrecen, os cales poden actuar como restrición competitiva ao seu comportamento. Esta restrición competitiva pode provir da existencia no mercado doutros produtos e servizos que os consumidores consideran intercambiáveis (substituíbilidade polo lado da demanda) ou da existencia doutros oferentes dispostos a dedicar con inmediatez os seus recursos á oferta de tales produtos e servizos (substituíbilidade polo lado da oferta).

Motive na definición os factores que determinan a inclusión duns produtos e a exclusión doutros, tendo en conta, por exemplo, a súa substituíbilidade, as condicións de competencia, os prezos, a elasticidade cruzada da demanda ou outros factores pertinentes (por exemplo, substituíbilidade desde o punto de vista da oferta cando proceda).

5.3.2 Mercados xeográficos.

O mercado xeográfico comprende a zona en que as empresas partícipes desenvolven actividades de subministración e demanda dos produtos ou servizos de referencia, en que as condicións de competencia son suficientemente homoxéneas e que se pode distinguir doutras zonas xeográficas próximas debido en particular a que nestas as condicións de competencia son sensiblemente distintas.

Entre os factores que interveñen á hora de determinar o mercado xeográfico cabe citar a natureza e as características dos produtos e servizos en cuestión, a existencia de barreiras de entrada, as preferencias dos consumidores, a existencia de diferenzas apreciables nas cotas de mercado das empresas en zonas xeográficas próximas e a existencia de importantes diferenzas de prezos ou outros factores pertinentes.

5.4 Mercados relevantes.

Para efectos da información solicitada no presente formulario, os mercados relevantes están compostos

polos mercados de produto en España ou nun ámbito xeográfico definido dentro del, nos cales se dean as seguintes circunstancias:

a) Que dous ou máis partícipes da operación desenvolvan actividades empresariais no mesmo mercado de produto e a concentración dea lugar a unha cota de mercado individual ou combinada de, polo menos, o 15%.

b) Que as partícipes na concentración alcancen unha cota individual ou combinada do 25% nun mercado de produto verticalmente relacionado cun mercado de produto en que opere calquera outra parte da concentración no ámbito nacional ou nun mercado xeográfico definido dentro del.

5.4.1 Indique cada un dos mercados relevantes, conforme o establecido na sección 5.4 do formulario:

a) No ámbito xeográfico nacional.

b) Nun mercado xeográfico definido dentro do mercado nacional.

5.4.2 Expoña a posición do notificante sobre o alcance do mercado xeográfico no sentido do punto 5.3.2 aplicable a cada un dos mercados indicados na sección anterior (5.4.1).

5.5 Outros mercados en que a operación notificada poida ter un impacto significativo.

5.5.1 Sobre a base das definicións da sección 5.3, describa o alcance dos mercados tanto de produto, como xeográficos, distintos dos mercados afectados sinalados na sección 5.4 en que a operación notificada poida ter un alcance significativo:

a) Calquera das partícipes da concentración teña unha cota de mercado superior ao 25% e outra das partícipes sexa un competidor potencial respecto dese mercado. Cabe considerar que unha partícipe é competidor potencial especialmente cando ten planeado entrar nun mercado ou desenvolveu ou puxo en práctica nos últimos dous anos tales plans.

b) Calquera das partícipes da concentración teña unha cota de mercado superior ao 25% e outra das partícipes na concentración sexa titular de dereitos de propiedade intelectual importantes para ese mercado.

c) Calquera das partícipes na concentración estea presente nun mercado de produto que sexa un mercado relacionado estreitamente cun mercado de produto en que opere outra das sociedades partícipes e as súas cotas de mercado individuais ou combinadas sexan, polo menos, de 25%.

SECCIÓN 6.^a INFORMACIÓN SOBRE OS MERCADOS RELEVANTES

Para cada mercado relevante facilite a seguinte información:

6.1 Cotas de mercado.

Para o mercado nacional, os mercados definidos de ámbito inferior ao nacional e, de ser o caso, para os mercados definidos en ámbitos superiores ao nacional, sinale para os tres últimos anos:

a) A estimación do tamaño total do mercado expresado en valor e no tipo de unidades que habitualmente se utilicen no sector.

b) A estimación da parte que corresponde a cada unha das empresas e grupos que se concentran e a cada unha das principais empresas ou grupos de empresas competidoras cuxa cota supere o 5%.

6.2 Estrutura da oferta.

Facilítese a seguinte información:

6.2.1 Facilite nome e apelidos, enderezo, número de teléfono, fax e enderezo de correo electrónico do xefe do departamento xurídico de cada un dos competidores.

6.2.2 Describa a estrutura de oferta do mercado e facilite a relación dos principais provedores, coas súas respectivas porcentaxes de participación no volume total de compras das empresas partícipes na operación de concentración.

6.2.3 Describa en detalle as canles e redes de distribución existentes no mercado así como as utilizadas polas empresas que se concentran, sinalando en que grao a distribución é efectuada por terceiros ou polas mesmas empresas ou outras do seu grupo.

6.2.4 Estime a capacidade de produción total no mercado español durante os tres últimos anos e a proporción que corresponde ás partes. Sinala a situación das instalacións de produción destas e a taxa de utilización da capacidade.

6.2.5 Especifique se algunha das partes da concentración ou calquera competidor ten produtos e servizos novos, ou produtos e servizos que vaian saír ao mercado en pouco tempo ou planea ampliar capacidade de produción ou venda.

6.2.6 Indíquese cales son, no último exercicio, os niveis de prezos practicados polas empresas que se concentran en relación cos dos seus principais competidores e cales son os criterios e factores para a súa determinación.

6.2.7 Descríbanse os principais factores que determinan a estrutura de custos dos produtos e servizos que compoñen o mercado e cales poden ser os principais factores que marquen diferenzas entre competidores.

6.2.8 Outros factores que determinen a estrutura e as características da oferta do mercado.

6.3 Estrutura da demanda.

Facilítese a seguinte información:

6.3.1 Facilite nome e apelidos, enderezo, número de teléfono, fax e enderezo de correo electrónico do xefe do departamento xurídico de cada un dos principais clientes.

6.3.2 Describa a estrutura da demanda do mercado e facilite a relación dos principais clientes, coas súas respectivas porcentaxes de participación no volume total de vendas das empresas partícipes na operación. Para tal efecto, valore os seguintes factores:

Fase dos mercados (en expansión, madurez, declive, nacemento) e estimación da taxa de crecemento;

importancia das preferencias do cliente, por exemplo en termos de fidelidade a unha marca, prestación de servizos prevenda e posvenda, oferta dunha gama de produtos ou efectos de rede;

Que papel xoga a diferenciación do produto en termos de características ou calidade e grao de substituíbilidade dos produtos das partes na concentración;

Valoración dos custos de cambio (en tempo e diñeiro) que deben asumir os clientes para cambiar de provedor;

Grao de concentración ou fragmentación da clientela e posible distribución en distintos grupos (cliente-tipo de cada grupo);

Importancia dos contratos de distribución exclusiva e doutros tipos de contratos a longo prazo;

Outros factores que determinen a estrutura e as características da demanda do mercado.

6.4 Barreiras á entrada de novas empresas ao mercado.

6.4.1 Describa en detalle as dificultades de acceso ao mercado que poidan encontrar novos competidores, con

especial mención de calquera das seguintes que sexa de aplicación:

a) Limitacións á competencia de produtos importados debidas a barreiras arancelarias ou non arancelarias.

b) Limitación de acceso aos factores de produción, tales como materias primas, bens intermedios ou persoal cualificado.

c) Limitacións na creación da rede de distribución, sinalando as súas causas.

d) Dificultades derivadas do custo total de entrada para un novo competidor por necesidade de capital, promoción, publicidade, distribución, mantemento, investigación e desenvolvemento, etc.

e) Calquera barreira legal ou regulamentaria como a exigencia dunha autorización oficial ou a existencia de normas específicas de calquera tipo, así como as barreiras derivadas dos procedementos de certificación de produtos ou da necesidade de lograr unha boa reputación no mercado.

f) Calquera restrición derivada da existencia de patentes, coñecementos técnicos (know-how) ou outros dereitos de propiedade intelectual e industrial, así como das derivadas da concesión de licenzas sobre tales dereitos e indíquese se as partes son titulares de patentes ou licenciatarias.

6.4.2 Indíquese se accedeu ao mercado algunha empresa importante durante os últimos tres anos (ou, se procede, un período máis longo) e se é previsible a entrada dun novo operador ao mercado e en que prazo. Se as respostas son afirmativas, proporcione a información dispoñible sobre as citadas empresas e persoa de contacto.

6.5 Investigación e desenvolvemento.

6.5.1 Describa o papel e a importancia das actividades de investigación e desenvolvemento para se poder manter de forma competitiva a longo prazo nos mercados considerados, tendo en conta aspectos tales como tendencia, evolución do desenvolvemento tecnolóxico, principais innovacións realizadas e ciclo de innovación.

6.5.2 Describa a natureza das actividades I+D das partes e a proporción dos gastos en I+D respecto á cifra de negocios así como a súa significación no mercado.

6.6 Aspectos cooperativos.

6.6.1 Indíquese se existen acordos de cooperación horizontal ou vertical entre as empresas partícipes ou entre estas e outros competidores nos mercados afectados pola operación ou en mercados conexos. De ser o caso, descríbanse estes pormenorizadamente e achéguese copia deles (investigación e desenvolvemento, de licenza, de produción conxunta, de especialización, distribución, subministración a longo prazo e de intercambio de información).

6.6.2 Nos casos de notificación dun control conxunto, indíquese se as empresas matrices manteñen ou manterán actividade significativa nos mesmos mercados, ascendentes ou descendentes ou nun mercado próximo estreitamente relacionado con respecto á empresa en participación. En caso afirmativo, descríbese a participación das matrices e da empresa en común en cada un destes mercados, indicando a participación de cada unha nos volumes de negocios das outras.

6.7 Aspectos verticais da operación.

Describa as implicacións da operación sobre os mercados ascendentes e descendentes do mercado relevante, así como o seu grao de integración vertical e a posición das partes na operación.

SECCIÓN 7.^a CUESTIÓNS XERAIS

7.1 Describa e cuantifique a contribución que a operación de concentración pode achegar respecto:

7.1.1 Á mellora dos sistemas de produción ou comercialización.

7.1.2 Ao fomento do progreso técnico-económico.

7.1.3 A favorecer os intereses dos consumidores ou usuarios.

7.2 No caso de que os anteriores beneficios sexan eficiencias que deben ser tomadas en conta á hora de valorar a operación de concentración, acredíteas mediante os medios que coide pertinentes, cuantifíqueas, xustificando o prazo en que se considera previsible que se desenvolvan os seus efectos e motive por que:

Son específicas da operación de concentración.

Non se poden obter por medios alternativos.

Se trasladarán aos consumidores.

7.3 Indíquense os contextos comunitario e mundial en que se sitúa a operación e a posición das partes neles. Sinálense os efectos previsibles para as partes da operación respecto a tales contextos, en particular en canto á súa competitividade internacional.

SECCIÓN 8.^a DOCUMENTOS ANEXOS

a) Copia dos informes de xestión e contas anuais correspondente ao último exercicio das empresas que participen na operación e, de ser o caso, das súas matrices

b) Copia da versión definitiva ou máis recente dos documentos relativos ao acordo que dea lugar á operación de concentración e tradución se están redactados en lingua non oficial do Estado español, sen prexuízo de que a Dirección de Investigación poida exixir tradución xurada destes documentos.

c) Análises, informes ou estudos que se consideren relevantes.

d) Acordos de cooperación ou outros segundo as seccións 3.2 e 5.6.

e) Cando se trate de ofertas públicas deberase xuntar tamén o folleto de oferta que se debe presentar ante a Comisión Nacional do Mercado de Valores ou o seu equivalente noutros países.

f) O xustificante de pagamento da taxa conforme o previsto no artigo 23 da Lei 15/2007, do 3 de xullo.

g) Poder de representación ou fotocopia compulsada con tradución xurada se está redactado en lingua non oficial do Estado español.

h) Copias dos informes ou documentos explicativos que con motivo da operación preparasen ou encargasen a terceiros as partes para calquera dos seus órganos de dirección, para os accionistas ou para investidores e analistas.

Indique para cada un destes documentos (se non figura nel) a data de elaboración, o nome e apelidos e condición das persoas que os elaborasen.

ANEXO III

Formulario abreviado de notificación das concentracións económicas

1. Como notificar.

O formulario de notificación débese dirixir á CNC. Con independencia do rexistro en que se presente a notificación, o inicio do cómputo dos prazos do procedemento de control de concentracións non se produce até a entrada en forma da notificación no rexistro da CNC.

O formulario de notificación e os seus documentos anexos débense presentar cunha copia en papel e outra en formato electrónico.

Este formulario de notificación componse de:

a) Unha folla de encabezamento en que se indicará a identidade do notificante (e representante, se procede), a identidade dos outros partícipes, a natureza da operación, unha descrición sumaria desta, motivación da presentación do formulario abreviado, o sector económico, a solicitude de confidencialidade e, de ser o caso, de levantamento da suspensión da execución da operación, así como lugar, data e sinaturas dos notificantes.

b) As informacións requiridas nas seccións 1 a 7 que se deben facilitar pola súa orde en folla á parte e con mención do número marxinal de referencia.

2. Solicitude de confidencialidade.

O notificante indicará na folla de encabezamento da notificación, de forma motivada, as informacións que se deban tratar confidencialmente respecto a terceiros ou, de ser o caso, respecto a algún dos partícipes na operación. Así mesmo, de acordo co disposto no artigo 20 do presente regulamento, deberá presentar unha versión non confidencial da notificación.

SECCIÓN 0. FOLLA DE ENCABEZAMENTO

Notificante:

Representante (se procede):

Outros partícipes:

Tipo de operación:

Sector económico:

Solicita:

1. Que esta notificación sexa considerada para os efectos recollidos na/as epígrafe/s ... do artigo 56 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia, con base nos seguintes motivos:

2. Que a información contida nas seccións... e nos anexos... desta notificación sexa tratada confidencialmente respecto de terceiros e se manteña secreta, de acordo co establecido no artigo 42 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, por seren contidos confidenciais das empresas que participan na concentración.

3. De ser o caso, o levantamento da obriga de suspensión da execución da concentración notificado, conforme o disposto no artigo 9 da Lei 15/2007, do 3 de xullo.

Quen abaixo asina declara que as informacións que se proporcionan neste formulario e nos seus anexos son certas, que as opinións son veraces e que as estimacións se realizaron de boa fe.

Lugar, data e sinatura/s do notificante ou do representante.

SECCIÓN 1.^a INFORMACIÓN SOBRE AS PARTES

1.1 Información sobre a parte ou partes que notifican
Facilite os seguintes datos:

1.1.1 Denominación ou razón social completa.

No caso de persoas físicas ou sociedades sen personalidade xurídica que operen baixo un nome comercial, indicar os nomes e apelidos da persoa ou persoas ou a denominación da sociedade.

1.1.2 Domicilio social e número de identificación fiscal ou código de identificación.

1.1.3 Natureza das actividades da empresa.

1.1.4 Nome e apelidos da persoa de contacto, cargo na empresa, enderezo, número de teléfono, fax e enderezo de correo electrónico.

1.1.5 Enderezo do notificante (ou de cada un dos notificantes) a que se poidan enviar documentos e, en especial, resolucións e decisións da Comisión Nacional

de Competencia. Nome, apelidos, número de teléfono, fax e enderezo de correo electrónico dunha persoa autorizada para recibir os documentos nese enderezo.

1.2 Información sobre as outras partícipes na operación de concentración.

1.2.1 Denominación ou razón social completa.

No caso de adquisición dunha parte dunha ou máis empresas sen personalidade xurídica propia, identifíquese co seu nome comercial así como a razón social dos vendedores.

1.2.2. Domicilio social e número de identificación fiscal ou código de identificación.

1.2.3 Natureza das actividades da empresa.

1.2.4 Nome e apelidos da persoa de contacto, cargo na empresa, enderezo, número de teléfono, fax e enderezo de correo electrónico.

1.2.5 Enderezo doutro partícipe na concentración (ou doutros partícipes) a que se poidan enviar documentos e, en especial, resolucións e decisións da Comisión Nacional de Competencia. Nome, apelidos, número de teléfono, fax e enderezo de correo electrónico dunha persoa autorizada para recibir os documentos nese enderezo.

1.3 Notificación efectuada por representante.

A notificación realizada por representante deberá ir acompañada do documento que acredite a representación ou fotocopia compulsada con tradución xurada se ese poder está redactado en lingua non oficial do Estado español. Na acreditación deberá constar o nome, apelidos e o cargo das persoas que conceden esa acreditación.

Indíquese:

1.3.1 Nome das persoas ou entidades designadas representantes.

1.3.2 Domicilio social e número de identificación fiscal ou código de identificación.

1.3.3 Persoa con quen se pode establecer contacto. Enderezo, número de teléfono, fax e enderezo de correo electrónico.

1.3.4 Enderezo do representante (en Madrid, a ser posible) para o envío de correspondencia e a entrega de documentos.

SECCIÓN 2.^a NATUREZA, CARACTERÍSTICAS E DIMENSIÓN DA OPERACIÓN DE CONCENTRACIÓN

2.1 Descrición da natureza da operación.

Descríbase de forma sucinta a operación de concentración, indicando, entre outras cousas:

2.1.1 Se a concentración constitúe:

a) Unha fusión entre sociedades anteriormente independentes.

b) Unha adquisición de activos.

c) Unha adquisición de participacións de calquera tipo que permita alcanzar o control exclusivo ou conxunto doutra empresa.

d) A creación dunha empresa en participación con plenas funcións no sentido do artigo 7 da Lei 15/2007, do 3 de xullo.

e) Un contrato ou calquera outro medio que confira un control directo ou indirecto conforme o previsto no artigo 7 da Lei 15/2007, do 3 de xullo.

2.1.2 Se se ven afectadas pola operación a totalidade ou partes das empresas partícipes.

2.1.3 Se unha das partes presenta unha oferta pública de adquisición doutra, indíquese se esta operación conta coa aprobación do órgano de administración desta última.

2.1.4 Descríbase, brevemente, a estrutura económica e financeira da operación de concentración.

2.1.5 Síñale a data prevista ou proposta para os principais actos conducentes ao perfeccionamento da concentración.

Indique a estrutura de propiedade ou de control proposta tras a realización da operación.

2.1.6 Indique todo apoio financeiro ou doutro tipo de calquera procedencia (incluído organismos públicos) recibido por algunha das partes e a natureza e contía do dito apoio.

2.1.7 Indique o valor da operación (o prezo de compra ou o valor de todos os activos afectados, segundo o caso).

2.2 Volume de negocios das partícipes.

A parte notificante deberá indicar os seguintes datos referidos a todos os partícipes na operación de concentración durante o último exercicio económico, conforme o disposto no artigo 5 deste regulamento.

2.2.1 Volume de negocios mundial.

2.2.2 Volume de negocios na Unión Europea.

2.2.3 Volume de negocios en España.

2.3 Se a operación consiste na adquisición do control conxunto dunha empresa en participación proporcione a seguinte información:

2.3.1 O volume de negocios da empresa en participación e/ou o volume de negocios das actividades proporcionadas á empresa en participación e/ou

2.3.2 O valor total dos activos transferidos á empresa en participación.

2.4 Síñalese por que a concentración notificada non entra no ámbito de aplicación do Regulamento (CEE) n.º 139/2004, do Consello, do 20 de xaneiro de 2004, sobre o control das concentracións entre empresas.

2.5 Indíquese en que outros países e en que data se notificou ou se proxecta notificar a concentración.

2.6 Descríbase os motivos económicos da operación.

SECCIÓN 3.^a RESTRICIÓN ACCESORIAS

3.1 Indíquese se existen restricións á competencia que se consideran accesorias á operación de concentración notificada no acordo que dá lugar a esta.

3.2 No caso de que a contestación ao punto 3.1 sexa afirmativa, indique se as restricións accesorias á operación consisten en:

3.2.1 Acordos ou cláusulas de non-competencia.

3.2.2 Acordos ou cláusulas de non-captación de recursos humanos ou doutro tipo.

3.2.3 Acordos ou cláusulas de confidencialidade.

3.2.4 Obrigas de compra ou de subministración.

3.2.5 Acordos de licenza.

3.2.6 Outros acordos ou cláusulas que poidan ser valorados como accesorios á operación de concentración.

3.3 Para cada un dos puntos do punto 3.2 en que a resposta sexa afirmativa, indique:

3.3.1 Duración do acordo, cláusula ou obriga.

3.3.2 Contido do acordo, cláusula ou obriga.

3.3.3 Xustifique o feito de que estes acordos, cláusulas ou obrigas sexan tratados como unha restrición accesorias á concentración.

SECCIÓN 4.^a PROPIEDAD E CONTROL PREVIOS

Para cada unha das partícipes que interveñen na concentración facilite unha relación completa de todas as empresas pertencentes ao mesmo grupo que operen en

calquera dos mercados relevantes, con indicación da súa sede.

Para efectos da pertenza a un grupo, a relación de control entenderase de acordo co artigo 7.2 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, e co establecido na sección 2.^a do presente formulario, relativa á natureza e características da operación de concentración.

En particular, a lista deberá incluír unha relación completa de:

4.1 Todas as empresas ou persoas baixo cuxo control, directo ou indirecto, se encuentre cada unha das partícipes;

4.2 Todas as empresas que operen en calquera dos mercados relevantes, controladas directa ou indirectamente:

a) Polas partícipes;

b) Por calquera outra das empresas mencionadas no punto 4.1.

Especifique a natureza e os medios de control con respecto a cada empresa ou persoa que figure na lista.

A información subministrada nesta sección pode ir acompañada de gráficos ou diagramas que axuden a unha mellor descrición da estrutura de control das empresas antes e despois da operación.

SECCIÓN 5.^a DEFINICIÓN DOS MERCADOS

Con respecto a cada unha das empresas partícipes indicaranse:

5.1 Os sectores económicos en que operan, sinalando o seu código NACE de catro cifras, e indicación das asociacións sectoriais existentes.

5.2 Os bens ou servizos comercializados por cada unha das empresas partícipes na operación de concentración, agrupándoos por categorías comerciais significativas e, de ser o caso, as variacións na carteira de produtos ou servizos que se prevexan na operación de concentración. Para cada un destes bens e servizos deberase facer unha descrición das súas características principais.

5.3 Delimitación dos mercados.

O notificante debe delimitar os mercados tomando en consideración os puntos seguintes:

5.3.1 Mercados de produto.

Un mercado de produtos comprende a totalidade dos produtos e servizos que os consumidores consideran intercambiáveis ou substituíbles en razón das súas características, físicas e técnicas, nivel de prezo, o uso que se prevé facer deles, sistema de distribución ou definicións legais ou regulamentarias do produto.

Para a definición dos mercados de produto cómpre ter en conta a posible existencia de produtos e servizos substitutivos dos que as partes da operación ofrecen, os cales poden actuar como restrición competitiva ao seu comportamento. Esta restrición competitiva pode provir da existencia no mercado doutros produtos e servizos que os consumidores consideran intercambiáveis (substituíbidade polo lado da demanda) ou da existencia doutros oferentes dispostos a dedicar con inmediatez os seus recursos á oferta de tales produtos e servizos (substituíbidade polo lado da oferta).

Motive na definición os factores que determinan a inclusión duns produtos e a exclusión doutros, tendo en conta, por exemplo, a súa substituíbidade, as condicións de competencia, os prezos, a elasticidade cruzada da demanda ou outros factores pertinentes (por exemplo, substituíbidade desde o punto de vista da oferta cando proceda).

5.3.2 Mercados xeográficos.

O mercado xeográfico comprende a zona en que as empresas partícipes desenvolven actividades de subministración e demanda dos produtos ou servizos de referencia, en que as condicións de competencia son suficientemente homoxéneas, e que se pode distinguir doutras zonas xeográficas próximas debido, en particular, a que nestas as condicións de competencia son sensiblemente distintas.

Entre os factores que interveñen á hora de determinar o mercado xeográfico cabe citar a natureza e as características dos produtos e servizos en cuestión, a existencia de barreiras de entrada, as preferencias dos consumidores, a existencia de diferenzas apreciables nas cotas de mercado das empresas en zonas xeográficas próximas e a existencia de importantes diferenzas de prezos ou outros factores pertinentes.

5.4 Mercados relevantes.

Para efectos da información solicitada no presente formulario, os mercados relevantes están compostos polos mercados de produto en España ou nun ámbito xeográfico definido dentro del, nos cales se dean as seguintes circunstancias:

a) Que dúas ou máis partícipes da operación desenvolvan actividades empresariais no mesmo mercado de produto.

b) Que as partícipes na concentración alcancen unha cota individual ou combinada do 25% nun mercado de produto verticalmente relacionado cun mercado de produto en que opere calquera outra parte da concentración no ámbito nacional ou nun mercado xeográfico definido dentro deste.

SECCIÓN 6.^a INFORMACIÓN SOBRE OS MERCADOS RELEVANTES

Para cada mercado relevante facilite a seguinte información:

6.1 Unha estimación das dimensións globais do mercado nacional, os mercados definidos de ámbito inferior ao nacional e, de ser o caso, os mercados definidos en ámbitos superiores ao nacional, tanto en valor (euros) como en volume (unidades) das vendas.

Indique a base e as fontes dos cálculos e facilite documentos, na medida en que estean dispoñibles, que confirmen suficientemente estes cálculos.

6.2 As vendas en valor e en volume, así como unha estimación da cota de mercado de cada unha das partícipes na concentración no mercado nacional, os mercados definidos de ámbito inferior ao nacional e, de ser o caso, nos mercados definidos en ámbitos superiores ao nacional.

Indique, así mesmo, se se rexistraron cambios significativos nas cotas de vendas e de mercado durante os últimos tres exercicios.

SECCIÓN 7.^a DOCUMENTOS ANEXOS

a) Copia dos informes de xestión e contas anuais correspondentes ao último exercicio das empresas que participen na operación e, de ser o caso, das súas matrices

b) Copia da versión definitiva ou máis recente dos documentos relativos ao acordo que dea lugar á operación de concentración e tradución se están redactados en lingua non oficial do Estado español, sen prexuízo de que a Dirección de Investigación poida exixir tradución xurada destes documentos.

c) Análises, informes ou estudos que se consideren relevantes.

d) Acordos de cooperación ou outros segundo a sección 3.2.

e) Cando se trate de ofertas públicas deberase xuntar tamén o folleto de oferta que se debe presentar ante a

Comisión Nacional do Mercado de Valores ou o seu equivalente noutros países.

f) O xustificante de pagamento da taxa conforme o previsto no artigo 23 da Lei 15/2007, do 3 de xullo.

g) Poder de representación ou fotocopia compulsada deste con tradución xurada se está redactado en lingua non oficial do Estado español.

h) Copias dos informes ou documentos explicativos que con motivo da operación preparasen ou encargasen a terceiros as partes para calquera dos seus órganos de dirección, para os accionistas ou para investidores e analistas.

Indique para cada un destes documentos (se non figura nel) a data de elaboración, o nome e apelidos e a condición das persoas que os elaborasen.

3741 *ORDE EHA/481/2008, do 26 de febreiro, pola que se aproban os modelos de declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas e do imposto sobre o patrimonio, exercicio 2007, se determinan o lugar, a forma e os prazos da súa presentación, se establecen os procedementos de solicitude, remisión, rectificación e confirmación ou subscrición do borrador de declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas, e se determinan as condicións xerais e o procedemento para a presentación de ambos os dous por medios telemáticos ou telefónicos. («BOE» 51, do 28-2-2008.)*

A regulación do imposto sobre a renda das persoas físicas contense fundamentalmente na Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non-residentes e sobre o patrimonio, e no Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 439/2007, do 30 de marzo.

Á marxe das modificacións substantivas introducidas na regulación do imposto sobre a renda das persoas físicas polas normas citadas, a novidade máis destacada na xestión deste imposto radica na supresión do modelo de comunicación para a solicitude da devolución rápida destinado aos contribuíntes non obrigados a declarar. Esta novidade fundaméntase, en palabras do preámbulo da propia Lei 35/2006, do 28 de novembro, en que a xeneralización do borrador de declaración fixo practicamente innecesario o mantemento do citado modelo de comunicación. Así mesmo, cabe destacar entre as novidades máis relevantes neste ámbito do imposto a regulación da obriga de declarar, na que se introducen modificacións en determinados límites e condicións desta obriga co obxecto de excluír un maior número de contribuíntes da obriga de presentar a correspondente declaración, ao tempo que se establece a obrigatoriedade de presentala para todos os contribuíntes, incluídos os non obrigados a declarar, que pretendan obter a devolución derivada da normativa do imposto sobre a renda das persoas físicas que proceda.

A obriga de declarar regúlase nos artigos 96 e 97 da citada Lei 35/2006, do 28 de novembro, reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas. Conforme o número 1 do artigo 96, os contribuíntes están obrigados a presentar e a subscribir declaración por este imposto, cos límites e condicións que regulamentariamente se establezan. Non obstante, nos números 2 e 3 exclúense da obriga

de declarar, nos termos anteriormente comentados, os contribuíntes cuxas rendas non superen as contías brutas anuais que, en función da súa orixe ou fonte, se sinalan neles. Pola súa parte, o número 4 do precitado artigo dispón que estarán obrigados a declarar en todo caso os contribuíntes que teñan dereito a dedución por investimento en vivenda, por conta aforro-empresa, por dobre imposición internacional ou que realicen achegas a patrimonios protexidos das persoas con discapacidade, plans de pensións, plans de previsión asegurados ou mutualidades de previsión social, plans de previsión social empresarial e seguros de dependencia que reduzan a base imponible, nas condicións que se establezan regulamentariamente. Para estes últimos efectos, o artigo 61 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas establece que a obriga de declarar a cargo destes contribuíntes unicamente xurdirá cando estes exerzan o dereito á práctica das correspondentes reducións ou deducións.

Polo que respecta aos contribuíntes obrigados a declarar, o artigo 97 da citada Lei 35/2006, do 28 de novembro, reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas, dispón no seu número 1 que estes, no momento de presentar a súa declaración, deberán determinar a débeda tributaria correspondente e ingresala no lugar, forma e prazos determinados polo ministro de Economía e Facenda, e establece, ademais, no seu número 2, que o ingreso do importe resultante da autoliquidación se poderá fraccionar na forma que regulamentariamente se determine. Neste sentido, o número 2 do artigo 62 do Regulamento do imposto establece que o ingreso do importe resultante da autoliquidación se poderá fraccionar, sen xuro nin recarga ningunha, en dúas partes: a primeira, do 60 por 100 do seu importe, no momento de presentar a declaración, e a segunda do 40 por 100 restante, no prazo que determine o ministro de Economía e Facenda, e é necesario, para gozar deste beneficio, que a declaración se presente dentro do prazo establecido e que esta non sexa unha autoliquidación complementaria. Completa a regulación desta materia o número 6 do artigo 97 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas, no cal se establece o procedemento de suspensión do ingreso da débeda tributaria entre cónxuxes, sen xuros de demora. A regulación da obriga de declarar péchase, por último, cos números 5 e 6 do artigo 96 da devandita Lei 35/2006, do 28 de novembro, e o número 5 do artigo 61 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, nos cales se dispón que a declaración se efectuará na forma, prazos e impresos que estableza o ministro de Economía e Facenda, quen poderá aprobar a utilización de modalidades simplificadas ou especiais de declaración e determinar os lugares de presentación destas, os documentos e xustificantes que deben acompañalas, ademais dos supostos e condicións para a presentación das declaracións por medios telemáticos.

Polo que atinxe aos contribuíntes non obrigados a declarar, aínda que non lles resulte exixible a presentación dunha declaración con resultado a ingresar, si están obrigados, de acordo co disposto no artigo 65 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, a presentar a declaración correspondente, xa consista esta nunha autoliquidación ou no borrador de declaración suscrito ou confirmado polo contribuínte, cando soliciten a devolución derivada da normativa do imposto sobre a renda das persoas físicas que, de ser o caso, lles corresponda, e precisase no artigo 66.1 do devandito regulamento que nestes casos a liquidación provisional que poida practicar a Administración tributaria non poderá implicar a cargo do contribuínte non obrigado a presentar declaración ningunha obriga distinta da restitución do previamente devolto máis o xuro de demora a que se refire o artigo 26.6 da Lei 58/2003, do 17 de decembro,